



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 9 DE MAIO DE 2025 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO EN TRES (3) PRAZAS DENOMINADAS PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 9 de maio de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, DE TRES (3) PRAZAS DENOMINADAS PEÓN/A REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023 - APARTADO SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, B. RÉXIME XURÍDICO LABORAL, B.1. COTA XERAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN LIBRE.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente as prazas do cadro de persoal laboral que a continuación se indican, vacantes e dotadas, incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figura no apartado SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, B. RÉXIME XURÍDICO LABORAL, B.1 COTA XERAL e aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2. CARACTERIZACIÓN DA PRAZA

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	GRUPO SUBGRUPO	COTA
3	2.023	3.343 3.342 3.341	Peón/a reparación vías provinciais	1.640 1.639 1.638	Peón/a reparación vías provinciais entrada	AP	Xeral

3. NORMATIVA DE APLICACIÓN

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal laboral están sometidos a normativa vixente:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei 30/1984, do 2 de agosto de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
- Real decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Real decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBP).
- Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (ET).

- *Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).*
- *Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.*
- *Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.*
- *Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.*
- *Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.*
- *Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.*
- *Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020)*
- *Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026, do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.*
- *Convenio colectivo para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 200, do 30.08.1990) e as súas posteriores modificacións.*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).*
- *Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCA).*

4. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

A) CONVOCATORIA

As prazas que se pretenden convocar están incluídas na oferta de emprego público do ano 2023 – apartado SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTAS EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, non estando caducadas por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal laboral como vacantes dotadas, cumpríndose o sinalado no:

- *Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: “(...) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos”.*
- *Artigo 91.2 da LRBRL “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (...), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.*

B) SISTEMA SELECTIVO

O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:

- *O Artigo 31.2 do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo: “Toda selección de persoal laboral fixo deberá realizarse de conformidade con dicha Oferta (Oferta de Emprego Público) mediante convocatoria pública e a través dos sistemas de concurso, oposición ou concurso - oposición nos que se garanta os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”*
- *Artigo 61.6 do TRLEBEP: “os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...)”.*
- *Artigo 171.2 do TRRL: “O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate...”.*
- *Artigo 8.4 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos BOP núm. 226, do 30.09.2006, que sinala:*

“Na Subescala de Servizos Especiais as plazas de Labores Especiais se provistarán así mesmo polo sistema de oposición libre con carácter xeral, salvo nos supostos debidamente motivados, en que a aptitude específica propia desta Subescala esixa coñecementos, habilidades e aptitudes que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso, nese caso o procedemento de selección será o concurso-oposición.”.

- *Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.*

Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:

- a) *A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación Provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.*
- b) *Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas das prazas que se convocan e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.*

C) GRUPO/SUBGRUPO E CLASIFICACIÓN

As prazas de Peón/a reparación vías provinciais pertencen a Agrupacións Profesionais (AP) (Disposición Adicional sexta do TREBEP, por remisión do convenio colectivo único da deputación provincial de Lugo).

D) REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de: de acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, e coa disposición adicional sexta do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP), non será necesario estar en posesión de ningunha titulación académica oficial.

E) APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 6 de maio de 2021.

F) CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

O procedemento selectivo:

- a) *Garante a libre concorrència así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:*
 - *Artigo 55.1 do TRLEBEP: “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.*
 - *Artigo 55.2 do TRLEBEP: “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*
 - a. *Publicidade das convocatorias e das súas bases.*
 - b. *Transparencia.*
 - c. *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
 - d. *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
 - e. *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
 - f. *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.*
- *Artigo 61.1 do TRLEBP: “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrència sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.”.*
- b) *Recole o contido esixido no RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.*

- c) *Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPG.*

5. Proposta de acordo

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte ACORDO:

1º. *Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso – oposición libre, para o ingreso como persoal laboral, na Deputación Provincial de Lugo, nas seguintes prazas vacantes, dotadas orzamentariamente e incluídas na oferta pública de emprego do ano 2023 – APARTADO SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTAS EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, B. RÉXIME XURÍDICO LABORAL, B.1 COTA XERAL (BOP núm. 298, do 30.12.2023):*

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	GRUPO SUBGRUPO	COTA
3	2.023	3.343 3.342 3.341	Peón/a reparación vías provinciais	1.640 1.639 1.638	Peón/a reparación vías provinciais entrada	AP	Xeral

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º. *Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.*

3º. *Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.”*

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE TRES (3) PRAZAS DENOMINADAS PEÓN/A REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023- APARTADO SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN LIBRE.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal laboral, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre.

2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA Nº POSTO	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	GRUPO SUBGRUPO	COTA
3	2.023	3.343-1.640 3.342-1.639 3.341-1.638	Peón/a reparación vías provinciais/ Peón/a reparación vías provinciais entrada	AP	XERAL

3. RETRIBUCIÓN

As prazas convocadas e os correspondentes postos que ocuparán as persoas seleccionadas atópanse dotadas no orzamento vixente, correspondéndolles as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 Lei 30/84, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma do Función Pública e as disposicións aplicables nesta materia.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza como superior/a xerárquico/a, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1 Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e coa disposición adicional sexta do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP):

TITULACIÓNS ACADÉMICAS

Non será necesario estar en posesión de ningunha titulación académica oficial.

5.2 Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): **CELGA 2.**

6. PROCEDEMENTO SE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

7. FASE DE OPOSICIÓN Constará dos seguintes exercicios, todos eles obrigatorios e eliminatorios.

A puntuación total da fase de oposición é de **50 puntos**.

7.1 PRIMEIRO EXERCICIO

A elección do Tribunal o primeiro exercicio poderá consistir nas seguintes opcións:

a) Na exposición por escrito dun tema de carácter xeral relacionado no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, sen que teña que aterse aos epígrafes concretos dos temas, cun tempo máximo para realizar o exercicio de dúas (2) horas.

b) Na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os contidos no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, cun tempo máximo para realizar o exercicio de unha (1) hora.

c) Nun exercicio tipo test dun máximo de vinte (20) preguntas e catro (4) preguntas de reserva, con tres respostas alternativas, que abarque a totalidade do programa de MATERIAS COMÚNS, cun tempo máximo para realizalo de vinte e cinco (25) minutos. O Tribunal elaborará o exame tipo test e fixará os criterios para a súa corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.

No caso de que se opte polas modalidades a) ou b) o exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes..

Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha puntuación mínima de 5 para superalo.

7.2 SEGUNDO EXERCICIO

Consistirá na exposición por escrito de un (1) tema, seleccionados por sorteo, entre os temas contidos no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS do programa.

O tempo máximo para a realización do segundo exercicio será de unha (1) hora.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

7.3 TERCEIRO EXERCICIO

Consistirá nun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa nun suposto concreto que responda ás funcións ou tarefas das prazas/postos que se convocan.

O tempo máximo para realizar o exercicio será de unha (1) hora e trinta (30) minutos.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas da normativa, excluíndose textos doutrinais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

7.4 CUARTO EJERCICIO: PROBA DE GALEGO

En cumprimento do sinalado no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2.

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

Esta exercicio é obrigatorio e eliminatorio; cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superalo.

8. FASE DE CONCURSO. A puntuación total da fase de concurso é de **30 puntos**.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso unicamente ás persoas aspirantes que superaren a fase de oposición.

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL. A puntuación máxima deste apartado é de **16 puntos**.

▪ Criterios de Valoración da experiencia profesional

Valorarase unicamente a experiencia profesional que teña relación coa praza/posto que se convoca sempre que fose como persoal funcionario ou persoal laboral.

Entenderase por prestación de servizos coas mesmas funcións cando se acreditan coa mesma denominación.

Entenderase que se desempeñou praza/posto similar, cando a prestación de servizos se realiza dentro da mesma rama, especialidade e área de actividade.

O cálculo realizarase sumando o número de días dos períodos que se valoran, conforme os datos que figuran no informe de vida laboral, dividíndose o resultado entre trinta (30) e multiplicando o cociente desprezando os decimais por a puntuación que corresponda conforme a táboa que se sinala a continuación.

No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial a puntuación aplicarase segundo a porcentaxe de parcialidade, computando o tempo da concreta relación laboral que apareza sinalada no Informe de Vida Laboral.

Non se valorarán bolsas, becas, servizos como autónomos, nin as prácticas incluídas nos plans de estudos das titulacións académicas.

▪ Cadro de valoración da experiencia profesional:

Administración Local - Deputación Provincial de Lugo

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguals á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,20 x cada 30 días	0,134 x cada 30 días	0,100 x cada 30 días	0,067 x cada 30 días

Outras Administracións Locais

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguals á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,150 x cada 30 días	0,100 x cada 30 días	0,075 x cada 30 días	0,050 x cada 30 días

Outras Administracións Públicas, Organismos autónomos de carácter administrativo dependentes desta, ou outras entidades que rexan por normas de dereito administrativo

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguals á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,125 x 30 días	0,084 x 30 días	0,063 x 30 días	0,042 x 30 días

Entidades do sector público que non se rexan por normas de dereito administrativo

Desempeño de praza/posto/emprego coas mesmas funcións que a praza/posto convocado	0,050 x 30 días
--	-----------------

Entidades Privadas

Desempeño de praza/posto/emprego coas mesmas funcións que a praza/posto convocado	0,040 x 30 días
--	-----------------

▪ **Forma de acreditar a experiencia.**

Os documentos acreditativos deberán ser orixinais (documentos con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copias autenticadas ou copias compulsadas.

- A experiencia en Administracións Públicas, organismos autónomos dependentes desta ou entidades do sector público que se rexan por normas de dereito administrativo deberá acreditarse mediante:

a) Informe de vida laboral actualizado.

b) Certificado oficial de servizos que exprese a praza/posto/emprego desempeñado, así como o tempo de servizos prestados, con indicación do réxime xurídico.

- A experiencia en Entidades do Sector Público que non se rexan por normas de dereito administrativo e Entidades Privadas, deberá acreditarse mediante:

a) Informe de vida laboral actualizado.

b) Contrato laboral de cada período que pretenda acreditar reflectido na vida laboral. O contrato deberá acreditar a denominación do emprego. Tamén poderá acreditarse mediante unha nómina de cada un dos períodos na que figure a denominación da praza/posto/emprego e antigüidade.

B FORMACIÓN A puntuación máxima deste apartado é de **14 puntos**.

Valorarase a formación que sexa relacionada co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

B-1 TITULACIÓNS ACADÉMICAS OFICIAIS. A puntuación máxima deste apartado é de **4 puntos**.

▪ **Criterios de puntuación das titulacións académicas**

Valoraranse as titulacións que sexan relacionadas ou relevantes para o desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se valorará a titulación académica esixida para participar no procedemento selectivo que se convoca.

Cando o aspirante teña máis de unha titulación de acceso, poderá valorarse as que excedan da necesaria.

Non se valorarán as titulacións que forman parte do itinerario para obter a titulación esixida para participar no procedemento selectivo.

Cando se posúa máis dunha titulación na mesma rama ou especialidade, só se puntuará a superior.

▪ **Cadro de valoración titulacións académicas:**

	PUNTUACIÓN	
	RELACIONADA	RELEVANTE
TITULACIÓN UNIVERSITARIA		
DOUTORAMENTO	3,00	4,00
MASTER OFICIAL	2,75	3,75
LICENCIATURA	2,50	3,50
GRAO	2,00	3,00
DIPLOMATURA	1,50	2,50
TITULACIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL		
FP CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN (FPC)	1,00	2,00
FP GRAO SUPERIOR (FPGS)	0,75	1,75
FP GRAO MEDIO (FPGM)	0,50	1,50
FP BÁSICA (FPB)	0,25	1,25
TÍTULOS DE		
BACHARELATO	0,40	1,40
ESO	0,20	1,20

▪ **Forma de acreditar as titulacións académicas**

As titulacións académicas oficiais acreditaranse mediante orixinal (que conte co código de verificación da Entidade emisora), copia autenticada ou copia compulsada do título ou certificación de solicitude do abono dos dereitos de expedición (no caso de equivalencia ou homologación de titulacións, deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas).

B-2 MÁSTERES PROPIOS, CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE, CURSOS, XORNADAS, SEMINARIOS, CONGRESOS E SIMILARES. A puntuación máxima neste apartado é de **8 puntos**.

▪ **Criterios de puntuación**

Valoraranse as actividades formativas que estean relacionadas co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca impartidas nos plans de formación da Deputación Provincial de Lugo, na Escola Galega de Administración Pública, a Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administracións Públicas, ou nas Escolas oficiais de formación similares do estado, comunidades autónomas e administración local, universidades públicas, as impartidas no marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas e as impartidas polos colexios profesionais que versen sobre materias propias da súa especialidade.

Excepcionalmente poderán puntuarse actividades formativas impartidas por outros organismos ou entidades públicas ou privadas cando a xuízo do Tribunal, se motive a decisión.

Cando as persoas aspirantes acrediten actividades formativas sobre a mesma materia, quedará a xuízo do tribunal puntuar as de maior contido, as máis actuais ou puntuar todas, motivando a decisión que se adopte.

Non se valorarán as materias que formen parte de titulacións académicas.

Non se valorarán partes dos contidos dunha acción formativa.

Non se valorarán materias que formen parte de cursos/másteres propios.

Non se valorarán módulos nin unidades de competencia.

Puntuarase como impartición a docencia universitaria.

Valoraranse os certificados de profesionalidade recollidos no Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade cando estean relacionados ou sexan relevantes para a realización das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se valorarán cando os módulos do certificado de profesionalidade formen parte da titulación presentada para o acceso ao proceso selectivo ou de titulacións valoradas no apartado anterior.

As publicacións, proxectos ou similares relacionados coas funcións da praza/posto de traballo que se convoca, valoraranse a criterio do Tribunal de selección en función do seu contido e da relevancia para o exercicio das funcións.

- **Cadro de valoración de másteres propios, certificados de profesionalidade, cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares:**

FORMACIÓN	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia	0,010
Aproveitamento/certificados de profesionalidade/créditos	0,020
Impartición/docencia universitaria	0,030
Publicacións, proxectos ou similares	A criterio do Tribunal tendo en conta as puntuacións anteriores

- **Forma de acreditar as accións formativas:**

A acreditación realizarase mediante orixinais (que contén o código de verificación da Entidade que o expida), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, contido, número de horas, determinación de si é de asistencia, aproveitamento ou impartición e entidade que organiza.

Para acreditar as publicacións, proxectos ou similares, precisárase o orixinal (que conta co código de verificación da Entidade que o expida), copia autenticada ou copia compulsada do documento acreditativo ou certificado con validez legal, que permita apreciar con claridade o contido e a dimensión da acción correspondente.

B-3 IDIOMA GALEGO. A puntuación máxima neste apartado será de **1 punto**.

Criterios de valoración idioma galego

Valoraranse os coñecementos do idioma galego superiores ao CELGA 4, cando sexan útiles e relacionados co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se puntuará o nivel de galego esixido na convocatoria.

Só se puntuará a acción formativa que teña maior puntuación.

- **Cadro de Valoracións idioma galego:**

NIVEL DE GALEGO	PUNTUACIÓN
Nivel de galego C1 ou CELGA 4.	0,50
Curso de nivel medio de linguaxe administrativo galego, curso de nivel medio de linguaxe administrativo local galego, curso de linguaxe xurídica galego, ciclo superior de estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, nivel de galego C2 ou CELGA 5.	0,75
Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega, ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega.	1,00

- **Acreditacións do nivel de galego**

Acreditárase mediante orixinal (documento con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

B-4 OUTROS IDIOMAS OFICIAIS. A puntuación máxima no apartado é de **1 punto**.

- **Criterios de valoración doutros idiomas oficiais.**

O Tribunal poderá valorar idiomas oficiais que considere relacionados co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Só se puntuará de cada idioma o nivel de maior puntuación.

Para a valoración teranse en conta os niveis recollidos no Marco Europeo Comunitario.

Os Idiomas non comunitarios valoraranse a xuízo do tribunal tendo en conta o cadro do Marco Europeo de referencia.

Outras actividades formativas ou cursos que se realicen por organismos oficiais serán valorados a criterio do Tribunal.

▪ **Cadro de valoración de idiomas:**

IDIOMAS COMUNITARIOS MARCO EUROPEO	PUNTUACIÓNS
NIVEL C2	1,00
NIVEL C1	0,80
NIVEL B2	0,60
NIVEL B1	0,40
NIVEL A2	0,20
NIVEL A1	0,10
OUTROS IDIOMAS OFICIAIS	Valoraranse a xuízo do Tribunal tendo en conta as puntuacións anteriores
CURSOS REALIZADOS POR ORGANISMOS OFICIAIS	

▪ **Acreditación doutros idiomas**

Acreditaranse mediante orixinal (documentos con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

9.- PROGRAMA DE ACCESO

A) MATERIAS COMÚNS

1. A Constitución Española. Principios xerais. A Provincia coma entidade local. A Deputación de Lugo e as súas competencias e organización.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS

2. Cunetas ou gabias: materiais e execución. Drenaxes, materiais e execución. Formigóns: características, composición e dosificación. Encofrados.
3. Firmes e pavimentos. Capas granulares. Mesturas bituminosas. Composición, materiais, ensaios elementais e execución.
4. Movemento de terras. Explanacións. O desmonte, o terraplén e o pedraplén. Coñecementos básicos sobre a execución.
5. Coñecementos xerais da maquinaria empregada na construción e conservación de estradas. Operacións de conservación ordinarias: descrición e tarefas.
6. Atención de emerxencias. Viabilidade invernal. Limpeza de neve e tratamento antixeo.
7. Principios xerais en materia de seguridade e saúde aplicables ás actuacións en estradas. Sinalización de seguridade e saúde no lugar de traballo: cores de seguridade. Tipos de sinais. Sinalización, balizamento e defensas. Sinalización horizontal e vertical de estradas.
8. Traballos de conservación, blandóns, podas, talas de árbores, maleza. Tratados de prevención e en xeral todo tipo de materiais para retirar na estrada. Maquinaria e ferramenta de pequena potencia a utilizar.
9. Lei 4/1 994 de setembro, de estradas de Galicia: capítulo I, sección 1ª y capítulo III, sección 1ª e 3ª.

Lugo, 12 de maio de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1274

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 9 DE MAIO DE 2025 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA MAQUINISTA-CONDUTOR/A, INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 9 de maio de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO, PARA O INGRESO, COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, DUNHA (1) PRAZA DENOMINADA MAQUINISTA-CONDUTOR/A, DE PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023- APARTADO SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, B. RÉXIME XURÍDICO LABORAL, B.1. COTA XERAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN LIBRE.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente a praza do cadro de persoal laboral que a continuación se indica, vacante e dotada, incluída na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia do 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figura no apartado SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, B. RÉXIME XURÍDICO LABORAL, B.1 COTA XERAL e aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2. CARACTERIZACIÓN DA PRAZA

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	GRUPO SUBGRUPO	COTA
1	2.023	3.344	MAQUINISTA-CONDUTOR/A	1.634	MAQUINISTA-CONDUTOR/A ENTRADA	C-C2	Xeral

3. NORMATIVA DE APLICACIÓN

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal laboral están sometidos á normativa vixente:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).
- Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores (ET).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
- Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
- Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3.09.2020).
- Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.
- Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026, do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.

- *Convenio colectivo para persoa laboral da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 200, do 30.08.1990) e as súas posteriores modificacións.*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).*
- *Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCC).*

4. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

A) CONVOCATORIA

A praza que se pretende convocar esta incluída na oferta de emprego público do ano 2023 – APARTADO SEGUNDO. REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, non estando caducada por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal laboral como vacante dotada, cumpríndose o sinalado no:

- *Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: “(...) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos”.*
- *Artigo 91.2 da LRBRL “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (...), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.*

B) SISTEMA SELECTIVO

O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:

- *O Artigo 31.2 do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo: “Toda selección de persoal laboral fixo deberá realizarse de conformidade con dita Oferta (Oferta de Emprego Público) mediante convocatoria pública e a través dos sistemas de concurso, oposición ou concurso - oposición nos que se garanta os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”*
- *Artigo 61.6 do TRLEBEP: “os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...)”.*
- *Artigo 171.2 do TRRL: “O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate...”.*
- *Artigo 8.4 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP núm. 226, do 30.09.2006), que sinala:*
“Na Subescala de Servizos Especiais as prazas de Labores Especiais se provistarán así mesmo polo sistema de oposición libre con carácter xeral, salvo nos supostos debidamente motivados, en que a aptitude específica propia desta Subescala esixa coñecementos, habilidades e aptitudes que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso, nese caso o procedemento de selección será o concurso-oposición.”.
- *Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.*

Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:

- a) *A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación Provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupoñ unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.*
- b) *Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.*

C) GRUPO/SUBGRUPO E CLASIFICACIÓN

A praza de MAQUINISTA-CONDUTOR/A que pertence ao grupo C, subgrupo C2 (art. 76 do TREBEP por remisión do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo).

D) REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de: Graduado/a en Educación Secundaria Obligatoria, Graduado Escolar, Formación Profesional de primeiro grao ou equivalente, así mesmo requírese estar en posesión dos permisos de condución tipo A, B, C e C+E.

E) APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 6 de maio de 2021.

F) CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

O procedemento selectivo:

- a) Garante a libre concorrència así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:
 - Artigo 55.1 do TRLEBEP: “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.
 - Artigo 55.2 do TRLEBEP: “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:
 - a. Publicidade das convocatorias e das súas bases.
 - b. Transparencia.
 - c. Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
 - d. Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
 - e. Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
 - f. Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.
 - Artigo 61.1 do TRLEBEP: “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrència sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas”.
- b) Recolle o contido esixido no RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- c) Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPG.

5. Proposta de acordo

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º. Aprobación das bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso – oposición libre, para o ingreso como persoal laboral, na Deputación Provincial de Lugo, na seguinte praza vacante, dotada orzamentariamente e incluída na oferta pública de emprego do ano 2023 – APARTADO SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, B. RÉXIME XURÍDICO LABORAL, B.1 COTA XERAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN LIBRE (BOP núm. 298, do 30.12.2023):

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	GRUPO SUBGRUPO	COTA
1	2.023	3.344	MAQUINISTA-CONDUTOR/A	1.634	MAQUINISTA-CONDUTOR/A	C-C2	Xeral

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º. Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

3º. Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DUNHA PRAZA VACANTE, DOTADA ORZAMENTARIAMENTE, DENOMINADA MAQUINISTA-CONDUTOR/A, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023- APARTADO SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN LIBRE.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal laboral, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre.

2. PRAZA QUE SE CONVOCA

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA Nº POSTO	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	GRUPO SUBGRUPO	COTA
1	2.023	3.344 1.634	MAQUINISTA-CONDUTOR/A MAQUINISTA-CONDUTOR/A ENTRADA	C-C2	XERAL

3. RETRIBUCIÓN

A praza convocada e o correspondente posto que ocupará a persoa seleccionada atópase dotada no orzamento vixente, correspondéndolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 Lei 30/84, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma do Función Pública e as disposicións aplicables nesta materia.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza como superior/a xerárquico/a, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1 Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do artigo 135, do RD 781/1986, do 18 de abril; co artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do artigo 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, será necesario estar en posesión da seguinte titulación académica oficial:

TITULACIÓNS ACADÉMICAS
Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria, Graduado Escolar, Formación Profesional de primeiro grao ou equivalente

5.2 Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): **CELGA 3.**

5.3 Outros requisitos (complemento da base xeral 4 apartado g): permiso de condución tipo A, B, C e C+E.

6. PROCEDEMENTO SE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

7. FASE DE OPOSICIÓN Constará dos seguintes exercicios, todos eles obrigatorios e eliminatorios.

A puntuación total da fase de oposición é de **50 puntos**.

7.1 PRIMEIRO EXERCICIO

A elección do Tribunal o primeiro exercicio poderá consistir nas seguintes opcións:

a) Na exposición por escrito dun tema de carácter xeral relacionado no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, sen que teña que aterse aos epígrafes concretos dos temas, cun tempo máximo para realizar o exercicio de dúas (2) horas.

b) Na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os contidos no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, cun tempo máximo para realizar o exercicio de unha (1) hora.

c) Nun exercicio tipo test dun máximo de vinte (20) preguntas e catro (4) preguntas de reserva, con tres respostas alternativas, que abarque a totalidade do programa de MATERIAS COMÚNS, cun tempo máximo para realizalo de vinte e cinco (25) minutos. O Tribunal elaborará o exame tipo test e fixará os criterios para a súa corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.

No caso de que se opte polas modalidades a) ou b) o exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir á dita lectura as demais persoas aspirantes.

Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha puntuación mínima de 5 para superalo.

7.2 SEGUNDO EXERCICIO

Consistirá na exposición por escrito dun (1) tema, seleccionado por sorteo, entre os temas contidos no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS do programa.

O tempo máximo para a realización do segundo exercicio será de unha (1) hora.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

7.3 TERCEIRO EXERCICIO

Consistirá nun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa nun suposto concreto que responda ás funcións ou tarefas das prazas/postos que se convocan.

O tempo máximo para realizar o exercicio será de unha (1) hora e trinta (30) minutos.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas da normativa, excluíndose textos doutrinais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

7.4 CUARTO EXERCICIO: PROBA DE GALEGO

En cumprimento do sinalado no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2.

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

Esta exercicio é obrigatorio e eliminatorio; cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superalo.

8. FASE DE CONCURSO. A puntuación total da fase de concurso é de **30 puntos**.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso unicamente ás persoas aspirantes que superaren a fase de oposición.

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL. A puntuación máxima deste apartado é de **16 puntos**.

▪ **Criterios de Valoración da experiencia profesional**

Valorarase unicamente a experiencia profesional que teña relación coa praza/posto que se convoca sempre que fose como persoal funcionario ou persoal laboral.

Entenderase por prestación de servizos coas mesmas funcións cando se acreditan coa mesma denominación.

Entenderase que se desempeñou praza/posto similar, cando a prestación de servizos se realiza dentro da mesma rama, especialidade e area de actividade.

O cálculo realizarase sumando o número de días dos períodos que se valoran, conforme os datos que figuran no informe de vida laboral, dividíndose o resultado entre trinta (30) e multiplicando o cociente desprezando os decimais por a puntuación que corresponda conforme a táboa que se sinala a continuación.

No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial a puntuación aplicarase segundo a porcentaxe de parcialidade, computando o tempo da concreta relación laboral que apareza sinalada no Informe de Vida Laboral.

Non se valorarán bolsas, becas, servizos como autónomos, nin as prácticas incluídas nos plans de estudos das titulación académicas.

▪ **Cadro de valoración da experiencia profesional:**

Administración Local - Deputación Provincial de Lugo

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguais á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,20 x cada 30 días	0,134 x cada 30 días	0,100 x cada 30 días	0,067 x cada 30 días

Outras Administracións Locais

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguais á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,150 x cada 30 días	0,100 x cada 30 días	0,075 x cada 30 días	0,050 x cada 30 días

Outras Administracións Públicas, Organismos autónomos de carácter administrativo dependentes desta, ou outras entidades que rexan por normas de dereito administrativo

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguais á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,125 x 30 días	0,084 x 30 días	0,063 x 30 días	0,042 x 30 días

Entidades do sector público que non se rexan por normas de dereito administrativo

Desempeño de praza/posto/emprego coas mesmas funcións que a praza/posto convocado	0,050 x 30 días
--	-----------------

Entidades Privadas

Desempeño de praza/posto/emprego coas mesmas funcións que a praza/posto convocado	0,040 x 30 días
--	-----------------

- **Forma de acreditar a experiencia.**

Os documentos acreditativos deberán ser orixinais (documentos con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copias autenticadas ou copias compulsadas.

- A experiencia en Administracións Públicas, organismos autónomos dependentes desta ou entidades do sector público que se rexan por normas de dereito administrativo deberá acreditarse mediante:

a) Informe de vida laboral actualizado.

b) Certificado oficial de servizos que exprese a praza/posto/emprego desempeñado, así como o tempo de servizos prestados, con indicación do réxime xurídico.

- A experiencia en Entidades do Sector Público que non se rexan por normas de dereito administrativo e Entidades Privadas, deberá acreditarse mediante:

a) Informe de vida laboral actualizado.

b) Contrato laboral de cada período que pretenda acreditar reflectido na vida laboral. O contrato deberá acreditar a denominación do emprego. Tamén poderá acreditarse mediante unha nómina de cada un dos períodos na que figure a denominación da praza/posto/emprego e antigüidade.

B FORMACIÓN. A puntuación máxima deste apartado é de **14 puntos**.

Valorarase a formación que sexa relacionada co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

B-1 TITULACIÓNS ACADÉMICAS OFICIAIS. A puntuación máxima deste apartado é de **4 puntos**.

- **Criterios de puntuación das titulacións académicas**

Valoraranse as titulacións que sexan relacionadas ou relevantes para o desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se valorará a titulación académica esixida para participar no procedemento selectivo que se convoca.

Cando o aspirante teña máis de unha titulación de acceso, poderá valorarse as que excedan da necesaria.

Non se valorarán as titulacións que forman parte do itinerario para obter a titulación esixida para participar no procedemento selectivo.

Cando se posúa máis dunha titulación na mesma rama ou especialidade, só se puntuará a superior.

- **Cadro de valoración titulacións académicas:**

	PUNTUACIÓN	
	RELACIONADA	RELEVANTE
TITULACIÓN UNIVERSITARIA		
DOUTORAMENTO	3,00	4,00
MASTER OFICIAL	2,75	3,75
LICENCIATURA	2,50	3,50
GRAO	2,00	3,00
DIPLOMATURA	1,50	2,50
TITULACIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL		
FP CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN (FPC)	1,00	2,00
FP GRAO SUPERIOR (FPGS)	0,75	1,75
FP GRAO MEDIO (FPGM)	0,50	1,50
FP BÁSICA (FPB)	0,25	1,25

TÍTULOS DE		
BACHARELATO	0,40	1,40
ESO	0,20	1,20

▪ **Forma de acreditar as titulacións académicas**

As titulacións académicas oficiais acreditaranse mediante orixinal (que conte co código de verificación da Entidade emisora), copia autenticada ou copia compulsada do título ou certificación de solicitude do abono dos dereitos de expedición (no caso de equivalencia ou homologación de titulacións, deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas).

B-2 MÁSTERES PROPIOS, CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE, CURSOS, XORNADAS, SEMINARIOS, CONGRESOS E SIMILARES. A puntuación máxima neste apartado é de **8 puntos**.

▪ **Criterios de puntuación**

Valoraranse as actividades formativas que estean relacionadas co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca impartidas nos plans de formación da Deputación Provincial de Lugo, na Escola Galega de Administración Pública, a Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administracións Públicas, ou nas Escolas oficiais de formación similares do estado, comunidades autónomas e administración local, universidades públicas, as impartidas no marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas e as impartidas polos colexios profesionais que versen sobre materias propias da súa especialidade.

Excepcionalmente poderán puntuarse actividades formativas impartidas por outros organismos ou entidades públicas ou privadas cando a xuízo do Tribunal, se motive a decisión.

Cando as persoas aspirantes acrediten actividades formativas sobre a mesma materia, quedará a xuízo do tribunal puntuar as de maior contido, as máis actuais ou puntuar todas, motivando a decisión que se adopte.

Non se valorarán as materias que formen parte de titulacións académicas.

Non se valorarán partes dos contidos dunha acción formativa.

Non se valorarán materias que formen parte de cursos/másteres propios.

Non se valorarán módulos nin unidades de competencia.

Puntuarase como impartición a docencia universitaria.

Valoraranse os certificados de profesionalidade recollidos no Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade cando estean relacionados ou sexan relevantes para a realización das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se valorarán cando os módulos do certificado de profesionalidade formen parte da titulación presentada para o acceso ao proceso selectivo ou de titulacións valoradas no apartado anterior.

As publicacións, proxectos ou similares relacionados coas funcións da praza/posto de traballo que se convoca, valoraranse a criterio do Tribunal de selección en función do seu contido e da relevancia para o exercicio das funcións.

▪ **Cadro de valoración de másteres propios, certificados de profesionalidade, cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares:**

FORMACIÓN	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia	0,010
Aproveitamento/certificados de profesionalidade/créditos	0,020
Impartición/docencia universitaria	0,030
Publicacións, proxectos ou similares	A criterio do Tribunal tendo en conta as puntuacións anteriores

▪ **Forma de acreditar as accións formativas:**

A acreditación realizarase mediante orixinais (que contén o código de verificación da Entidade que o expida), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, contido, número de horas, determinación de si é de asistencia, aproveitamento ou impartición e entidade que organiza.

Para acreditar as publicacións, proxectos ou similares, precisarase o orixinal (que conta co código de verificación da Entidade que o expida), copia autenticada ou copia compulsada do documento acreditativo ou certificado con validez legal, que permita apreciar con claridade o contido e a dimensión da acción correspondente.

B-3 IDIOMA GALEGO. A puntuación máxima neste apartado será de **1 punto**.

▪ **Criterios de valoración idioma galego**

Valoraranse os coñecementos do idioma galego superiores ao CELGA 4, cando sexan útiles e relacionados co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se puntuará o nivel de galego esixido na convocatoria.

Só se puntuará a acción formativa que teña maior puntuación.

▪ **Cadro de Valoracións idioma galego:**

NIVEL DE GALEGO	PUNTUACIÓN
Nivel de galego C1 ou CELGA 4.	0,50
Curso de nivel medio de linguaxe administrativo galego, curso de nivel medio de linguaxe administrativo local galego, curso de linguaxe xurídica galego, ciclo superior de estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, nivel de galego C2 ou CELGA 5.	0,75
Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega, ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega.	1,00

▪ **Acreditacións do nivel de galego**

Acreditarase mediante orixinal (documento con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

B-4 OUTROS IDIOMAS OFICIAIS. A puntuación máxima no apartado é de **1 punto**.

▪ **Criterios de valoración doutros idiomas oficiais.**

O Tribunal poderá valorar idiomas oficiais que considere relacionados co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Só se puntuará de cada idioma o nivel de maior puntuación.

Para a valoración teranse en conta os niveis recollidos no Marco Europeo Comunitario.

Os Idiomas non comunitarios valoraranse a xuízo do tribunal tendo en conta o cadro do Marco Europeo de referencia.

Outras actividades formativas ou cursos que se realicen por organismos oficiais serán valorados a criterio do Tribunal.

▪ **Cadro de valoración de idiomas:**

IDIOMAS COMUNITARIOS MARCO EUROPEO	PUNTUACIÓNS
NIVEL C2	1,00
NIVEL C1	0,80
NIVEL B2	0,60
NIVEL B1	0,40
NIVEL A2	0,20
NIVEL A1	0,10
OUTROS IDIOMAS OFICIAIS	Valoraranse a xuízo do Tribunal tendo en conta as puntuacións anteriores
CURSOS REALIZADOS POR ORGANISMOS OFICIAIS	

▪ **Acreditación doutros idiomas**

Acreditaranse mediante orixinal (documentos con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

9.- PROGRAMA DE ACCESO**1. MATERIAS COMÚNS**

1. A Constitución Española de 1978. Aspectos esenciais desta. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
2. A organización territorial do Estado. Distintas Administracións Públicas. A Administración do Estado. A Administración Autonómica. A Administración Local.
3. A provincia como Entidade Local. Competencias. Organización Provincial con especial referencia á Deputación Provincial de Lugo.
4. O persoal ao Servizo das Corporacións Locais. Dereitos e Deberes dos funcionarios ao servizo da Deputación Provincial de Lugo.

2. MATERIAS ESPECÍFICAS

5. O condutor. Factores que diminúen as aptitudes do condutor. Permiso e licenza de condución: clases e vehículos que autorizan a conducir.
6. O vehículo. Definición. Documentación. A carga e as persoas transportadas. As luces nos vehículos. Elementos de seguridade activa. A seguridade pasiva.
7. A vía: definición. Partes da vía. Utilización dos carrís. Velocidade. Separación entre vehículos.
8. Manobras básicas da circulación. Incorporación á circulación. Desprazamentos laterais. Adiantamentos. Interseccións. Cambio de sentido. Marcha cara atrás. Detención, parada e aparcamento. Condución nocturna e en condicións meteorolóxicas adversas.
9. Os sinais de circulación: normas xerais. Sinais verticais. Marcas viarias. Sinais de balizamento. Semáforos. Sinais e ordes dos axentes de circulación.
10. O accidente de circulación: comportamento en caso de accidente. Delitos contra a seguridade do tráfico. Nocións básicas de primeiros auxilios.
11. O motor do vehículo. Descrición dos seus principais compoñentes e do funcionamento elemental. Posta a punto e mantemento básico.
12. A caixa de cambios. O embrague. Descrición e funcionamento. Caixa de cambios automática e semiautomática.
13. Os freos. Elementos de que se compoñen e clases. O ABS. Comprobación dos sistemas.
14. Sistema eléctrico. Nocións básicas da batería, alternador e alumeado. Mantemento da batería e das luces.
15. As rodas e os pneumáticos. Tipos e características. O seu estado e mantemento.
16. A dirección e a suspensión. Sistemas e características. Comprobación e mantemento.
17. Retroescavadoras e martelos hidráulicos. Partes de que se compoñen. Traballos que poden realizar. Precaucións específicas no traballo con esta máquinas. Coidados e mantemento.
18. Pas frontais. Partes de que se compoñen. Traballos que poden realizar. Precaucións específicas no traballo con esta máquinas. Coidados e mantemento.
19. Motoniveladoras. Partes de que se compoñen. Traballos que poden realizar. Precaucións específicas no traballo con estas máquinas. Coidados e mantemento.
20. Compactadoras. Partes de que se compoñen. Traballos que poden realizar. Precaucións específicas no traballo con estas máquinas. Coidados e mantemento.

Lugo, 12 de maio de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1275

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 9 DE MAIO DE 2025 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO/A DE CARREIRA EN CATRO (4) PRAZAS DENOMINADAS AUXILIAR, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 9 de maio de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“PROPOSTA DE ACORDO Á XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO AO OBXECTO DE APROBAR A CONVOCATORIA E AS BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, DE CATRO (4) PRAZAS DENOMINADAS AUXILIAR INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023- APARTADO SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTAS EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, A. RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, A.1. COTA XERAL, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente as prazas do cadro de persoal funcionario que se indican no apartado 2 da presente proposta, vacantes e dotadas orzamentariamente, incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figuran no apartado SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, A. RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, A.1 COTA XERAL e aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101 do 06.05.2021.

2. CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	Nº POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
4	2.023	959	AUXILIAR/ AUXILIAR ENTRADA	1.641	Escala de administración xeral, subescala auxiliar	C-C2	Xeral
		957		1.637			
		956		1.636			
		582		663			

3.- SISTEMA SELECTIVO

Con base no disposto no artigo 169.2 do RDL 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, que establece “(...) O ingreso na Subescala Auxiliar farase por oposición libre (...)”, o sistema selectivo será o de oposición libre.

4. NORMATIVA DE APLICACIÓN

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario están sometidos a normativa vixente:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei 30/1984, do 2 de agosto de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
- Real decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Real decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBP).
- Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (ET).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
- Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP número 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

- Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020)
- Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026, do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCE).

5. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

A) CONVOCATORIA

- O artigo 70 da TREBEP sinala que “As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveirse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de Emprego Público (...) o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos (...). En todo caso, a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos”.
- O artigo 91.2 da LBRLE sinala que “A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa Oferta de Emprego Público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso oposición libre nos que se garante, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

Neste sentido indicar que as prazas que se pretenden convocar compren todo o sinalado na normativa de aplicación para poder ser convocadas:

- Están incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figuran no apartado SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, A. RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, A.1 COTA XERAL.
- Figuran no cadro de persoal funcionario da Entidade como prazas vacantes dotadas orzamentariamente.
- Non transcorrer o prazo improrrogable de 3 anos para poder ser convocadas.

B) SISTEMA SELECTIVO

- O artigo 61.6 do TREBEP establece que: “os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...)”.
- Real Decreto Legislativo 781/1986 que no seu artigo 169.2.b) sinala que “O ingreso na Subescala Auxiliar farase por oposición libre (...)”.

Ao non estar derogado o establecido no Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril e estarse a falar de Administración Local debe utilizarse a oposición como sistema selectivo.

C) GRUPO/SUBGRUPO E CLASIFICACIÓN

As prazas de Auxiliar figuran encadradas na escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar (Art. 167 TRRL), Grupo de clasificación C, subgrupo C2 (Art. 76 TRLEBEP).

D) APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

E) CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

- Artigo 55.1 do TRLEBEP, “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”

- Artigo 55.2, “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:
 - a) Publicade das convocatorias e das súas bases.
 - b) Transparencia.
 - c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
 - d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
 - e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
 - f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”
- Artigo 61.1, “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrência sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas”.

As bases compren a lexislación vixente asegurando a libre concorrência e os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

6. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 3.09.2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º. Aprobamos as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, de catro (4) prazas de Auxiliar da Escalade Administración Xeral, Subescala auxiliar, Grupo C-Subgrupo C2 que a continuación se sinalan, vacantes, dotadas orzamentariamente e incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia de 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), que figuran no apartado SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, A. RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, A.1 COTA XERAL:

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	Nº POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
4	2.023	959	AUXILIAR/ AUXILIAR ENTRADA	1.641	Escala de administración xeral, subescala auxiliar	C-C2	Xeral
		957		1.637			
		956		1.636			
		582		663			

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º. Convocar publicamente a quen desexa participar no proceso selectivo.

3º. Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE, EN CATRO (4) PRAZAS DENOMINADAS AUXILIAR DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, DO GRUPO C, SUBGRUPO C2, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO

ANO 2023- APARTADO SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTAS EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, A. RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, A.1. COTA XERAL, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

No Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 101, do 06.05.2021, publícanse as Bases Xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas Ofertas de Emprego, acceso libre (cota xeral).

As presentes bases específicas teñen como obxecto complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais antes sinaladas.

2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	Nº POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
4	2.023	959	AUXILIAR/ AUXILIAR ENTRADA	1.641	Escala de administración xeral, subescala auxiliar.	C-C2	Xeral
		957		1.637			
		956		1.636			
		582		663			

3. RETRIBUCIÓNS

As prazas convocadas e os correspondentes postos que ocuparán as persoas aspirantes seleccionadas atópanse dotadas no orzamento vixente, correspondéndolles as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma do Función Pública e as disposicións aplicables nesta materia.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza como superior/a xerárquico/a, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do artigo 135, do RD 781/86, de 18 de abril; co artigo 25 da Lei 30/84, de 2 de agosto; e co apartado e) do artigo 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, TREBEP, será necesario estar en posesión da seguinte titulación académica oficial:

TITULACIÓNS ACADÉMICAS
Graduado/a en educación secundaria obrigatoria ou equivalente

5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): CELGA 4.

6. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN: OPOSICIÓN LIBRE

7. A OPOSICIÓN.

Constará dos seguintes exercicios, todos eles obrigatorios e eliminatorios. A puntuación total da fase de oposición é de 30 puntos.

7.1 PRIMEIRO EXERCICIO.

Á elección do Tribunal, o primeiro exercicio poderá consistir nas seguintes opcións:

- Na exposición por escrito dun tema de carácter xeral relacionado no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, sen que teña que aterse aos epígrafes concretos dos temas, cun tempo máximo para realizar o exercicio **dunha (1) hora e trinta (30) minutos**.
- Na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os contidos no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, cun tempo máximo para realizar o exercicio **dunha (1) hora**.

- c) Nun exercicio tipo test dun máximo de **vinte (20) preguntas e dúas (2) preguntas de reserva**, con tres respostas alternativas, que abarque a totalidade do programa de MATERIAS COMÚNS, cun tempo máximo para realizalo de **vinte cinco (25) minutos**. O Tribunal elaborará o exame tipo test e fixará os criterios para a súa corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.

No caso de que se opte polas modalidades a) ou b) o exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio, puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo.

7.2 SEGUNDO EJERCICIO.

Consistirá na exposición por escrito **dun (1) tema**, seleccionado por sorteo, entre os temas contidos no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS do programa (Temas 5 ao 19).

O tempo máximo para a realización do segundo exercicio será **dunha (1) hora**.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

7.3 TERCEIRO EJERCICIO.

Consistirá nun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa contido no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS (Temas 5 ao 20), nun suposto concreto que responda ás funcións ou tarefas das prazas/postos que se convocan.

O tempo máximo para realizar o exercicio será **dunha (1) hora e trinta (30) minutos**.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas da normativa, excluíndose textos doutriniais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

7.4 CUARTO EJERCICIO: PROBA DE GALEGO

En cumprimento do sinalado no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, da Lei do Emprego Público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2: CELGA 4.

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio; cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superalo.

8.- PROGRAMA DE ACCESO

A) MATERIAS COMÚNS

1. A Constitución española de 1978: estrutura e principios xerais. O Tribunal Constitucional. A reforma constitucional.
2. Nocións xerais sobre a Coroa e os Poderes do Estado.
3. Réxime local español. Principios xerais e regulación xurídica.
4. As Comunidades Autónomas: constitución e competencias. O Estatuto de Autonomía para Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Idea xeral sobre as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

5. Organización territorial do Estado na Constitución. O municipio: organización municipal e competencias. Outras entidades Locais. Mancomunidades, Agrupacións. A comarca. Entidades de ámbito territorial inferior ao municipio.
6. A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo: organización e competencias. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificacións de acordos. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3.09.2020): órganos de decisión colexiados e unipersoais e organización complementaria.
7. Principios de actuación da Administración Pública. Tipoloxía dos entes públicos: as Administracións do Estado, Autonómica, Local e Institucional. A Unión Europea: o dereito derivado: regulamentos, directivas, decisións, recomendacións e ditames. As institucións da Unión Europea: o Parlamento, o Consello Europeo, o Consello e a Comisión.
8. O sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. As fontes do ordenamento xurídico. As leis: concepto e clases. As disposicións do executivo con forma de Lei: Decretos -Lei e Decretos legislativos. Os regulamentos: concepto e clases. Outras fontes de dereito. A potestade regulamentaria na esfera local: ordenanzas, regulamentos e bandos; procedemento de elaboración e aprobación.
9. A protección de datos persoais: Normativa e réxime xurídico. Principios e dereitos. Obrigacións. A Axencia de Protección de Datos. A igualdade de xénero: Políticas de igualdade de xénero. Lexislación reguladora para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Principios xerais. Políticas contra a violencia de xénero. Discapacidade e dependencia.
10. Concepto de interesado. Identificación e sinatura dos interesados no procedemento administrativo. Asistencia e asesoramento ao usuario. Dereitos e obrigas dos interesados nas súas relacións coas administracións públicas. Información administrativa e atención ao cidadá nos canles presencial, electrónico e telefónico. A web e a sede electrónica.
11. Os rexistros: concepto e función. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos na presentación de documentos. Validez e eficacia das copias realizadas polas administracións públicas. Termo e cómputo de prazos.
12. Os documentos públicos: concepto, clases, función e características dos documentos administrativos (especial referencia ás notificacións e práctica das notificacións). Formación do expediente administrativo. O arquivo de documentos.
13. O acto administrativo: concepto, clase e elementos. Requisitos: motivación e forma. Eficacia dos actos administrativos: notificación e publicación. Validez. A nulidade de pleno dereito e anulabilidade. Irregularidades non invalidantes. Conversión, conservación e convalidación.
14. Fases do procedemento administrativo: Fase de iniciación. Formas de iniciación. Documentos dos interesados. A solicitude. Subsanación e mellora da solicitude. Declaración responsable e comunicación.
15. Fases do procedemento administrativo: Fase de ordenación, instrución e remate. A obriga de resolver. O silencio administrativo. A execución. A revisión dos actos en vía administrativa. Os recursos administrativos. Conceptos e clases.
16. O persoal ao servizo das Entidades Locais. Clases. O ingreso á función pública. Adquisición e perda da condición de empregado público. Os dereitos e deberes do persoal ao servizo dunha administración local. As situacións administrativas. Incompatibilidades. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. Réxime disciplinario.
17. As Facendas Locais: clasificación dos recursos. Ordenanzas Fiscais.
18. Os Orzamentos Locais: estrutura e procedemento de aprobación. Réxime xurídico do gasto público local.
19. O contrato administrativo. Concepto. Clases. A actividade subvencional das Administracións públicas.
20. Competencias dixitais: Verificación básica de funcionamento do equipamento informático; manexo a nivel usuario de: intranet, internet, correo electrónico, axendas electrónicas, procesadores de textos, follas de cálculo e bases de datos.

Lugo, 12 de maio de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1276

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 9 DE MAIO DE 2025 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO/A DE CARREIRA NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA DELINEANTE, INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 9 de maio de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA DELINEANTE, DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023- APARTADO SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTAS EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, A. RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, A.1. COTA XERAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN LIBRE.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente a praza do cadro de persoal funcionario que a continuación se indica, vacante e dotada, incluída na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia do 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figura no apartado SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, A. RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, A.1 COTA XERAL e aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2. CARACTERIZACIÓN DA PRAZA

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
1	2.023	367	Delineante	1.623	Delineante Entrada	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares	C-C1	Xeral

3. NORMATIVA DE APLICACIÓN

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario están sometidos a normativa vixente:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
- Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
- Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3.09.2020).

- Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.
- Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026 do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDGP).

4. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

A) CONVOCATORIA

A praza que se pretende convocar esta incluída na oferta de emprego público do ano 2023 – APARTADO SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTAS EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, non estando caducada por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal funcionario como vacante dotada, cumpríndose o sinalado no:

- Artigo 70 do TRLEBP, que sinala: “(...) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos”.
- Artigo 91.2 da LRBRL “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (...), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

B) SISTEMA SELECTIVO

O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:

- Artigo 61.6 do TRLEBP: “os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...)”.
- Artigo 171.2 do TRRL: “O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate...”.
- Artigo 8.3 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP núm. 226, do 30.09.2006), que sinala:

“Na Subescala Técnica (clase superior, media e auxiliar) poderá optarse polo sistema selectivo de concurso-oposición só en casos excepcionais, de forma motivada e sempre que respondan a unha situación específica e concreta das prazas que se convoquen e non pola súa soa natureza ou que esixan experiencia, habilidades e aptitudes propias da praza ou méritos moi específicos que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso”.

- Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.

Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:

- a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación Provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.
- b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.

C) GRUPO/SUBGRUPO E CLASIFICACIÓN

A praza de Delineante, figura encadrada na escala de Administración Especial, subescala técnica, técnicos auxiliares (art. 167 TRRL), grupo de clasificación C, subgrupo C1 (art. 76 TRLEBEP).

D) REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de: Títulos de Formación Profesional (LOE) de Grao Superior: Familia profesional de edificación e obra civil: Técnico/a superior en proxecto de obra civil ou Técnico/a superior proxecto edificación; Familia profesional de fabricación mecánica: Técnico/a Superior en Construcións Metálicas; Técnico/a Superior en Deseño e Fabricación Mecánica; Familia profesional de instalación e mantemento: Técnico/a Superior en Desenvolvemento de Proxectos de Instalacións Térmicas e de Fluídos; Títulos de Formación Profesional (LOGSE ou LEI 14/1970 xeral de educación) equivalentes aos anteriores, ou calquera outro que habilite para exercer as actividades profesionais dun delineante.

E) APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 6 de maio de 2021.

F) CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

O procedemento selectivo:

- a) Garante a libre concorrência así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:
 - Artigo 55.1 do TRLEBEP: “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.
 - Artigo 55.2 do TRLEBEP: “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:
 - a. Publicidade das convocatorias e das súas bases.
 - b. Transparencia.
 - c. Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
 - d. Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
 - e. Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
 - f. Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.
 - Artigo 61.1 do TRLEBP: “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrência sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.
- b) Recolle o contido esixido no RD 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- c) Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPE.

5. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 3.09.2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º. Aprobado as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso – oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, na seguinte praza vacante, dotada orzamentariamente e incluída na oferta pública de emprego do ano 2023 – apartado SEGUNDOPRERFUNDICIÓN PRAZAS OFERTAS EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, A. RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, A.1 COTA XERAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN LIBRE (BOP núm. 298, do 30.12.2023):

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
1	2.023	367	Delineante	1.623	Delineante Entrada	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares	C-C1	Xeral

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º. Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

3º. Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DUNHA (1) PRAZA VACANTE, DOTADA ORZAMENTARIAMENTE, DENOMINADA DELINEANTE, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre.

2. PRAZA QUE SE CONVOCA

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA Nº POSTO	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
1	2.023	367 1623	DELINEANTE / DELINEANTE ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares	C-C1	XERAL

3. RETRIBUCIÓNS

A praza convocada e o correspondente posto que ocupará a persoa seleccionada atópase dotada no orzamento vixente, correspondéndolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 Lei 30/84, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma do Función Pública e as disposicións aplicables nesta materia.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza como superior/a xerárquico/a, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1 Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do artigo 135, do RD 781/1986, do 18 de abril, co artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do artigo 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, será necesario estar en posesión da seguinte titulación académica oficial:

TITULACIÓNS ACADÉMICAS

Títulos de Formación Profesional (LOE) de Grao Superior: Familia profesional de edificación e obra civil: Técnico/a superior en proxecto de obra civil ou Técnico/a superior proxecto edificación; Familia profesional de fabricación mecánica: Técnico/a Superior en Construcións Metálicas; Técnico/a Superior en Deseño e Fabricación Mecánica; Familia profesional de instalación e mantemento: Técnico/a Superior en Desenvolvemento de Proxectos de Instalacións Térmicas e de Fluídos; Títulos de Formación Profesional (LOGSE ou Lei 14/1970 xeral de educación) equivalentes aos anteriores, ou calquera outro que habilite para exercer as actividades profesionais dun delineante.

5.2 Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): **CELGA 4.**

6. PROCEDEMENTO SE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.

7. FASE DE OPOSICIÓN Constará dos seguintes exercicios, todos eles obrigatorios e eliminatorios.

A puntuación total da fase de oposición é de **50 puntos**.

7.1 PRIMEIRO EXERCICIO

A elección do Tribunal o primeiro exercicio poderá consistir nas seguintes opcións:

a) Na exposición por escrito dun tema de carácter xeral relacionado no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, sen que teña que aterse aos epígrafes concretos dos temas, cun tempo máximo para realizar o exercicio de dúas (2) horas.

b) Na exposición por escrito dun (1) tema seleccionado por sorteo entre os contidos no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, cun tempo máximo para realizar o exercicio de unha (1) hora.

c) Nun exercicio tipo test dun máximo de trinta (30) preguntas e tres (4) preguntas de reserva, con tres respostas alternativas, que abarque a totalidade do programa de MATERIAS COMÚNS, cun tempo máximo para realizalo de trinta e cinco (35) minutos. O Tribunal elaborará o exame tipo test e fixará os criterios para a súa corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.

No caso de que se opte polas modalidades a) ou b) o exercicio será lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, na data que este determine podendo asistir á dita lectura as demais persoas aspirantes.

Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha puntuación mínima de 5 para superalo.

7.2 SEGUNDO EXERCICIO

Consistirá na exposición por escrito de dous (2) tema, seleccionados por sorteo, entre os temas contidos no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS do programa.

O tempo máximo para a realización do segundo exercicio será de unha (1) hora.

Este exercicio será lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, na data que este determine, podendo asistir á mencionada lectura as demais persoas aspirantes. O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido dos temas ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada persoa aspirante.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

7.3 TERCEIRO EXERCICIO

Consistirá nun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa nun suposto concreto que responda ás funcións ou tarefas das prazas/postos que se convocan.

O tempo máximo para realizar o exercicio será de dúas (2) horas.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas da normativa, excluíndose textos doutrinais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

7.4 CUARTO EJERCICIO: PROBA DE GALEGO

En cumprimento do sinalado no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2.

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

Esta exercicio é obrigatorio e eliminatorio; cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superalo.

8. FASE DE CONCURSO. A puntuación total da fase de concurso é de **30 puntos**.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso unicamente ás persoas aspirantes que superaren a fase de oposición.

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL. A puntuación máxima deste apartado é de **16 puntos**.

▪ Criterios de Valoración da experiencia profesional

Valorarase unicamente a experiencia profesional que teña relación coa praza/posto que se convoca sempre que fose como persoal funcionario ou persoal laboral.

Entenderase por prestación de servizos coas mesmas funcións cando se acreditan coa mesma denominación.

Entenderase que se desempeñou praza/posto similar, cando a prestación de servizos se realiza dentro da mesma rama, especialidade e area de actividade.

O cálculo realizarase sumando o número de días dos períodos que se valoran, conforme os datos que figuran no informe de vida laboral, dividíndose o resultado entre trinta (30) e multiplicando o cociente desprezando os decimais por a puntuación que corresponda conforme a táboa que se sinala a continuación.

No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial a puntuación aplicarase segundo a porcentaxe de parcialidade, computando o tempo da concreta relación laboral que apareza sinalada no Informe de Vida Laboral.

Non se valorarán bolsas, becas, servizos como autónomos, nin as prácticas incluídas nos plans de estudos das titulación académicas.

▪ Cadro de valoración da experiencia profesional:

Administración Local - Deputación Provincial de Lugo

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguals á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,20 x cada 30 días	0,134 x cada 30 días	0,100 x cada 30 días	0,067 x cada 30 días

Outras Administracións Locais

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguals á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,150 x cada 30 días	0,100 x cada 30 días	0,075 x cada 30 días	0,050 x cada 30 días

Outras Administracións Públicas, Organismos autónomos de carácter administrativo dependentes desta, ou outras entidades que rexan por normas de dereito administrativo

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguais á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,125 x 30 días	0,084 x 30 días	0,063 x 30 días	0,042 x 30 días

Entidades do sector público que non se rexan por normas de dereito administrativo

Desempeño de praza/posto/emprego coas mesmas funcións que a praza/posto convocado	0,050 x 30 días
--	-----------------

Entidades Privadas

Desempeño de praza/posto/emprego coas mesmas funcións que a praza/posto convocado	0,040 x 30 días
--	-----------------

▪ **Forma de acreditar a experiencia.**

Os documentos acreditativos deberán ser orixinais (documentos con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copias autenticadas ou copias compulsadas.

- A experiencia en Administracións Públicas, organismos autónomos dependentes desta ou entidades do sector público que se rexan por normas de dereito administrativo deberá acreditarse mediante:

a) Informe de vida laboral actualizado.

b) Certificado oficial de servizos que exprese a praza/posto/emprego desempeñado, así como o tempo de servizos prestados, con indicación do réxime xurídico.

- A experiencia en Entidades do Sector Público que non se rexan por normas de dereito administrativo e Entidades Privadas, deberá acreditarse mediante:

a) Informe de vida laboral actualizado.

b) Contrato laboral de cada período que pretenda acreditar reflectido na vida laboral. O contrato deberá acreditar a denominación do emprego. Tamén poderá acreditarse mediante unha nómina de cada un dos períodos na que figure a denominación da praza/posto/emprego e antigüidade.

B FORMACIÓN A puntuación máxima deste apartado é de **14 puntos**.

Valorarase a formación que sexa relacionada co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

B-1 TITULACIÓNS ACADÉMICAS OFICIAIS. A puntuación máxima deste apartado é de **4 puntos**.

▪ **Criterios de puntuación das titulacións académicas**

Valoraranse as titulacións que sexan relacionadas ou relevantes para o desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se valorará a titulación académica esixida para participar no procedemento selectivo que se convoca.

Cando o aspirante teña máis de unha titulación de acceso, poderá valorarse as que excedan da necesaria.

Non se valorarán as titulacións que forman parte do itinerario para obter a titulación esixida para participar no procedemento selectivo.

Cando se posúa máis dunha titulación na mesma rama ou especialidade, só se puntuará a superior.

▪ **Cadro de valoración titulacións académicas:**

	PUNTUACIÓN	
	RELACIONADA	RELEVANTE
TITULACIÓN UNIVERSITARIA		
DOUTORAMENTO	3,00	4,00
MASTER OFICIAL	2,75	3,75
LICENCIATURA	2,50	3,50

GRAO	2,00	3,00
DIPLOMATURA	1,50	2,50
TITULACIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL		
FP CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN (FPC)	1,00	2,00
FP GRAO SUPERIOR (FPGS)	0,75	1,75
FP GRAO MEDIO (FPGM)	0,50	1,50
FP BÁSICA (FPB)	0,25	1,25
TÍTULOS DE		
BACHARELATO	0,40	1,40
ESO	0,20	1,20

▪ **Forma de acreditar as titulacións académicas**

As titulacións académicas oficiais acreditaranse mediante orixinal (que conte co código de verificación da Entidade emisora), copia autenticada ou copia compulsada do título ou certificación de solicitude do abono dos dereitos de expedición (no caso de equivalencia ou homologación de titulacións, deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecementos).

B-2 MÁSTERES PROPIOS, CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE, CURSOS, XORNADAS, SEMINARIOS, CONGRESOS E SIMILARES. A puntuación máxima neste apartado é de **8 puntos**.

▪ **Criterios de puntuación**

Valoraranse as actividades formativas que estean relacionadas co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca impartidas nos plans de formación da Deputación Provincial de Lugo, na Escola Galega de Administración Pública, a Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administracións Públicas, ou nas Escolas oficiais de formación similares do estado, comunidades autónomas e administración local, universidades públicas, as impartidas no marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas e as impartidas polos colexios profesionais que versen sobre materias propias da súa especialidade.

Excepcionalmente poderán puntuarse actividades formativas impartidas por outros organismos ou entidades públicas ou privadas cando a xuízo do Tribunal, se motive a decisión.

Cando as persoas aspirantes acrediten actividades formativas sobre a mesma materia, quedará a xuízo do tribunal puntuar as de maior contido, as máis actuais ou puntuar todas, motivando a decisión que se adopte.

Non se valorarán as materias que formen parte de titulacións académicas.

Non se valorarán partes dos contidos dunha acción formativa.

Non se valorarán materias que formen parte de cursos/másteres propios.

Non se valorarán módulos nin unidades de competencia.

Puntuarase como impartición a docencia universitaria.

Valoraranse os certificados de profesionalidade recollidos no Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade cando estean relacionados ou sexan relevantes para a realización das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se valorarán cando os módulos do certificado de profesionalidade formen parte da titulación presentada para o acceso ao proceso selectivo ou de titulacións valoradas no apartado anterior.

As publicacións, proxectos ou similares relacionados coas funcións da praza/posto de traballo que se convoca, valoraranse a criterio do Tribunal de selección en función do seu contido e da relevancia para o exercicio das funcións.

- **Cadro de valoración de másteres propios, certificados de profesionalidade, cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares:**

FORMACIÓN	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia	0,010
Aproveitamento/certificados de profesionalidade/créditos	0,020
Impartición/docencia universitaria	0,030
Publicacións, proxectos ou similares	A criterio do Tribunal tendo en conta as puntuacións anteriores

- **Forma de acreditar as accións formativas:**

A acreditación realizarase mediante orixinais (que contén o código de verificación da Entidade que o expida), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, contido, número de horas, determinación de si é de asistencia, aproveitamento ou impartición e entidade que organiza.

Para acreditar as publicacións, proxectos ou similares, precisarase o orixinal (que conta co código de verificación da Entidade que o expida), copia autenticada ou copia compulsada do documento acreditativo ou certificado con validez legal, que permita apreciar con claridade o contido e a dimensión da acción correspondente.

B-3 IDIOMA GALEGO. A puntuación máxima neste apartado será de **1 punto**.

- **Criterios de valoración idioma galego**

Valoraranse os coñecementos do idioma galego superiores ao CELGA 4, cando sexan útiles e relacionados co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se puntuará o nivel de galego esixido na convocatoria.

Só se puntuará a acción formativa que teña maior puntuación.

- **Cadro de Valoracións idioma galego:**

NIVEL DE GALEGO	PUNTUACIÓN
Nivel de galego C1 ou CELGA 4.	0,50
Curso de nivel medio de linguaxe administrativo galego, curso de nivel medio de linguaxe administrativo local galego, curso de linguaxe xurídica galego, ciclo superior de estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, nivel de galego C2 ou CELGA 5.	0,75
Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega, ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega.	1,00

- **Acreditacións do nivel de galego**

Acreditarse mediante orixinal (documento con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

B-4 OUTROS IDIOMAS OFICIAIS. A puntuación máxima no apartado é de **1 punto**.

- **Criterios de valoración doutros idiomas oficiais.**

O Tribunal poderá valorar idiomas oficiais que considere relacionados co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Só se puntuará de cada idioma o nivel de maior puntuación.

Para a valoración teranse en conta os niveis recollidos no Marco Europeo Comunitario.

Os Idiomas non comunitarios valoraranse a xuízo do tribunal tendo en conta o cadro do Marco Europeo de referencia.

Outras actividades formativas ou cursos que se realicen por organismos oficiais serán valorados a criterio do Tribunal.

▪ **Cadro de valoración de idiomas:**

IDIOMAS COMUNITARIOS MARCO EUROPEO	PUNTUACIÓNS
NIVEL C2	1,00
NIVEL C1	0,80
NIVEL B2	0,60
NIVEL B1	0,40
NIVEL A2	0,20
NIVEL A1	0,10
OUTROS IDIOMAS OFICIAIS	Valoraranse a xuízo do Tribunal tendo en conta as puntuacións anteriores
CURSOS REALIZADOS POR ORGANISMOS OFICIAIS	

▪ **Acreditación doutros idiomas**

Acreditaranse mediante orixinal (documentos con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

9.- PROGRAMA DE ACCESO

A) MATERIAS COMÚNS

1. A Constitución Española de 1978, principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno e a Administración Pública. O Poder Xudicial.
2. A organización territorial do Estado. Distribución constitucional de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. O Réxime Local Español. Principios constitucionais. Regulación xurídica. O Municipio. A organización municipal. Competencias municipais. A Provincia. Organización Provincial. Competencias provinciais.
4. O dereito administrativo. As fontes de dereito administrativo. A potestade regulamentaria na esfera local: Ordenanzas, regulamentos e bandos.
5. O procedemento administrativo común. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. Recursos contra os actos administrativos.
6. Os interesados. Dereitos da cidadanía nas súas relacións coas Administracións Públicas. O acceso electrónico da cidadanía ós servizos públicos. Rexistros, comunicación e notificacións. A xestión electrónica dos procedementos. A protección de datos de carácter persoal. Principios informadores e dereitos das persoas en materia de protección de datos.
7. Os contratos do sector público. Clases. Preparación, adxudicación e formalización. Execución e modificación. Extinción.
8. O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime de incompatibilidades. Réxime disciplinario.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS

9. Principios xerais de representación. Escalas de debuxo, concepto e aplicacións. Xeneralidades sobre normalización: DIN, ISO, UNE. Tipos de papel e formatos. Rotulación.
10. Os principais sistemas de representación gráfica. Principais características. Vantaxes de cada un dos sistemas de representación.
11. Documentos de proxecto. Documentación gráfica. A acoutación: xeneralidades, regras e tipos.
12. Os orzamentos. Documentos dun orzamento: medicións, cadro de prezos, auxiliares de descompostos. Aplicación a programas de medicións: conceptos básicos e formatos.
13. Conceptos básicos de informática. Operacións básicas de ficheiros; copiado, copias de seguridade, compresión, etc. Intercambio de información e gravación de ficheiros en distintos soportes.
14. Conceptos básicos de informática. Tipos de ficheiros, raster, vector e datos. Intercambio de ficheiros entre os distintos programas de CAD.

15. O debuxo asistido por ordenador. Programas Autocad/MicroStation. Conceptos básicos. Funcións e aplicación practica. Espazo de deseño, follas, unidades de traballo. Modelos e ficheiros semente. Creación e modificación de bloques ou células.
16. BIM. Concepto. Principais beneficios e vantaxes do emprego da metodoloxía BIM
17. Cartografía, topografía e xeodesia. Xeneralidades sobre cartografía e xeodesia; xeoide, elipsoide, lonxitude, latitude, meridianos, paralelos. A cartografía na internet e as infraestruturas de datos espaciais.
18. Perfís lonxitudinais e transversais. Aplicacións a obra civil. Cálculo de volumes.
19. Cálculo de volumes. Métodos de cálculo. Movemento de terras.
20. Proxeccións cartográficas e sistemas de coordenadas: xeográficas e UTM. Estación total, receptores GNSS.
21. Debuxo de curvas de nivel. Concas, encoros, trazados, perfís, emprego dos mesmos.
22. Sistemas de información xeográfica. Importación de formatos CAD a programas SIX. As xeodatabases. Consulta, análises espaciais básicos e por atributos, edición modelos.
23. Conceptos básicos do CTE aprobado polo RD 314/2006, do 17 de marzo: ámbito de aplicación. Esixencias básicas.
24. Documento básico SI. Seguridade en caso de incendio. Compartimentación en sectores de incendio e evacuación de ocupantes. Condicións Xerais.
25. Regulación da accesibilidade na Comunidade Autónoma de Galicia. Disposicións sobre barreiras arquitectónicas na edificación en edificios públicos
26. Regulación da accesibilidade na Comunidade Autónoma de Galicia. Disposicións sobre barreiras arquitectónicas urbanísticas.
27. Seguridade e saúde nas obras de construción: estudo de seguridade e saúde e estudo básico de seguridade e saúde: obrigatoriedade e contido: Plan de seguridade e saúde. Libro de incidencias. Funcións do coordinador de seguridade e saúde.
28. O control de calidade en edificación. Decreto 232/1993, do 30 de setembro, polo que se regula o control de calidade na edificación na Comunidade Autónoma de Galicia. (1) (DOG 15/10/93)
29. O Plan de xestión de residuos da construción y da demolición
30. A imaxe dixital. Definición. Principais características. Foto impresión e emprego de ortofotomapas. A Ortofotografía. Xeorreferenciación e dixitalización. Cultivos e usos do solo.
31. Ofimática: Procesadores de texto. Bases de datos. Follas de cálculo.
32. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: conceptos xerais de solo de Galicia; clases de solos.
33. Os títulos habilitante de natureza urbanística
34. As Normas Técnicas de Planeamento. Contido e estrutura do documento dixital
35. As Normas Técnicas de Planeamento. Criterios específicos para a elaboración da documentación gráfica
36. A rede de estradas da Deputación Provincial de Lugo. Estrutura e características. Protección do dominio público viario. Delimitacións de zonas. (Lei de estradas 8/2013, do 28 de xuño).
37. Características xeométricas das estradas. Trazado. Sección transversal.
38. Firmes: definición. Características funcionais e estruturais. Tipos: Flexibles e ríxidos. Materiais.
39. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratación do Sector Público. RD 1098/2001, do 12 de outubro: contrato de obras: actuacións preparatorias. Proxectos de obras: contido. Supervisión e traza do proxecto.
40. Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratación do Sector Público. RD 1098/2001, do 12 de outubro: contrato de obras: execución do contrato de obras. Modificación do contrato de obras. Cumprimento e resolución do contratos de obras.

Lugo, 12 de maio de 2025, O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1277

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 9 DE MAIO DE 2025 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO/A DE CARREIRA NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A SUPERIOR PROTOCOLO, INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 9 de maio de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DASBASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A SUPERIOR PROTOCOLO, DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023- APARTADO 1 IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, art. 20.DOS.4, IB1) RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IB1.1. COTA XERAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente a praza do cadro de persoal funcionario que a continuación se indica, vacante e dotada, incluída na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia do 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figura no APARTADO 1 IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, art. 20.DOS.4, IB) 1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IB1.1. COTA XERAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN LIBRE e aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2. CARACTERIZACIÓN DA PRAZA

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
1	2.023	51	TÉCNICO/A SUPERIOR PROTOCOLO	1757	TÉCNICO/A SUPERIOR PROTOCOLO ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores	A-A1	Xeral

3. NORMATIVA DE APLICACIÓN

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario están sometidos a normativa vixente:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
- Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
- Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3.09.2020).

- Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.
- Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026 do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCC).

4. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

A) CONVOCATORIA

A praza que se pretende convocar esta incluída na oferta de emprego público do ano 2023 Apartado 1 IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, art. 20.dos.4, non estando caducada por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal funcionario como vacante dotada, cumpríndose o sinalado no:

- Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: "(...) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos".
- Artigo 91.2 da LRBRL "a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (...), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade".

B) SISTEMA SELECTIVO

O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:

- Artigo 61.6 do TRLEBEP: "os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...)"
- Artigo 171.2 do TRRL: "O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate..."
- Artigo 8.3 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP núm. 226, do 30.09.2006), que sinala:

"Na Subescala Técnica (clase superior, media e auxiliar) poderá optarse polo sistema selectivo de concurso-oposición só en casos excepcionais, de forma motivada e sempre que respondan a unha situación específica e concreta das prazas que se convoquen e non pola súa soa natureza ou que esixan experiencia, habilidades e aptitudes propias da praza ou méritos moi específicos que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso".

- Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.

Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:

- a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación Provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.
- b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.

C) GRUPO/SUBGRUPO E CLASIFICACIÓN

A praza de Técnico/a superior protocolo, figura encadrada na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores (art. 167 TRRL, grupo de clasificación A, subgrupo A1 (art. 76 TRLEBP).

D) REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBP e posuír a titulación académica de: Grao en protocolo e organización de eventos ou titulacións académicas equivalentes.

E) APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 6 de maio de 2021.

F) CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

O procedemento selectivo:

- a) *Garante a libre concorrência así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:*
 - *Artigo 55.1 do TRLEBP: “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.*
 - *Artigo 55.2 do TRLEBP: “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*
 - a. *Publicidade das convocatorias e das súas bases.*
 - b. *Transparencia.*
 - c. *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
 - d. *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
 - e. *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
 - f. *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.*
 - *Artigo 61.1 do TRLEBP: “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrência sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.*
- b) *Recole o contido esixido no RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.*
- c) *Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPG.*

5. Proposta de acordo

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 3.09.2020, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º. Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso – oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, na seguinte praza vacante, dotada orzamentariamente e incluída na oferta pública de emprego do ano 2023 – APARTADO 1 IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, art. 20.DOS.4, IB)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IB)1.1. COTA XERAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN LIBRE (BOP núm. 298, do 30.12.2023):

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
1	2.023	51	TÉCNICO/A SUPERIOR PROTOCOLO	1.757	TÉCNICO/A SUPERIOR PROTOCOLO ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores	A-A1	Xeral

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º. Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

3º. Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NUNHA (1) PRAZA VACANTE, DOTADA ORZAMENTARIAMENTE, DENOMINADA TÉCNICO/A SUPERIOR PROTOCOLO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre.

2. PRAZA QUE SE CONVOCA

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA Nº POSTO	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	GRUPO/SUBGRUPO	COTA
1	2.023	51 1.757	TÉCNICO/A SUPERIOR PROTOCOLO /TÉCNICO/A SUPERIOR PROTOCOLO ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores	A - A1	XERAL

3. RETRIBUCIÓN

A praza convocada e o correspondente posto que ocupará a persoa seleccionada atópase dotada no orzamento vixente, correspondéndolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 Lei 30/84, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma do Función Pública e as disposicións aplicables nesta materia.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza como superior/a xerárquico/a, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1 Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do artigo 135, do RD 781/1986, do 18 de abril, co artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do artigo 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, será necesario estar en posesión da seguinte titulación académica oficial:

TITULACIÓN ACADÉMICAS
Grao en protocolo e organización de eventos ou titulacións académicas equivalentes.

5.2 Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): CELGA 4.

6. PROCEDEMENTO SE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

7. FASE DE OPOSICIÓN Constará dos seguintes exercicios, todos eles obrigatorios e eliminatorios.

A puntuación total da fase de oposición é de **50 puntos**.

7.1 PRIMEIRO EXERCICIO

A elección do Tribunal o primeiro exercicio poderá consistir nas seguintes opcións:

a) Na exposición por escrito dun tema de carácter xeral relacionado no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, sen que teña que aterse aos epígrafes concretos dos temas, cun tempo máximo para realizar o exercicio de dúas (2) horas.

b) Na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os contidos no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, cun tempo máximo para realizar o exercicio de unha (1) hora.

c) Nun exercicio tipo test dun máximo de cincuenta (50) preguntas e catro (4) preguntas de reserva, con tres respostas alternativas, que abarque a totalidade do programa de MATERIAS COMÚNS, cun tempo máximo para realizalo de cincuenta e cinco (55) minutos. O Tribunal elaborará o exame tipo test e fixará os criterios para a súa corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.

No caso de que se opte polas modalidades a) ou b) o exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha puntuación mínima de 5 para superalo.

7.2 SEGUNDO EXERCICIO

Consistirá na exposición por escrito de catro (4) temas, seleccionados por sorteo, entre os temas contidos no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS do programa. Sortearase 1 tema de cada bloque.

O tempo máximo para a realización do segundo exercicio será de catro (4) horas.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

7.3 TERCEIRO EXERCICIO

Consistirá nun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa nun suposto concreto que responda ás funcións ou tarefas das prazas/postos que se convocan.

O tempo máximo para realizar o exercicio será de tres (3) horas.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas da normativa, excluíndose textos doutrinais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

7.4 CUARTO EXERCICIO: PROBA DE GALEGO

En cumprimento do sinalado no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2.

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

Esta exercicio é obrigatorio e eliminatorio; cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superalo.

8. FASE DE CONCURSO. A puntuación total da fase de concurso é de **30 puntos**.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso unicamente ás persoas aspirantes que superaren a fase de oposición.

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL. A puntuación máxima deste apartado é de **16 puntos**.▪ **Criterios de Valoración da experiencia profesional.**

Valorarase unicamente a experiencia profesional que teña relación coa praza/posto que se convoca sempre que fose como persoal funcionario ou persoal laboral.

Entenderase por prestación de servizos coas mesmas funcións cando se acreditan coa mesma denominación.

Entenderase que se desempeñou praza/posto similar, cando a prestación de servizos se realiza dentro da mesma rama, especialidade e area de actividade.

O cálculo realizarase sumando o número de días dos períodos que se valoran, conforme os datos que figuran no informe de vida laboral, dividíndose o resultado entre trinta (30) e multiplicando o cociente desprezando os decimais por a puntuación que corresponda conforme a táboa que se sinala a continuación.

No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial a puntuación aplicarase segundo a porcentaxe de parcialidade, computando o tempo da concreta relación laboral que apareza sinalada no Informe de Vida Laboral.

Non se valorarán bolsas, becas, servizos como autónomos, nin as prácticas incluídas nos plans de estudos das titulación académicas.

▪ **Cadro de valoración da experiencia profesional:****Administración Local - Deputación Provincial de Lugo**

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguais á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,20 x cada 30 días	0,134 x cada 30 días	0,100 x cada 30 días	0,067 x cada 30 días

Outras Administracións Locais

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguais á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,150 x cada 30 días	0,100 x cada 30 días	0,075 x cada 30 días	0,050 x cada 30 días

Outras Administracións Públicas, Organismos autónomos de carácter administrativo dependentes desta, ou outras entidades que rexan por normas de dereito administrativo

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguais á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,125 x 30 días	0,084 x 30 días	0,063 x 30 días	0,042 x 30 días

Entidades do sector público que non se rexan por normas de dereito administrativo

Desempeño de praza/posto/emprego coas mesmas funcións que a praza/posto convocado	0,050 x 30 días
---	-----------------

Entidades Privadas

Desempeño de praza/posto/emprego coas mesmas funcións que a praza/posto convocado	0,040 x 30 días
---	-----------------

▪ **Forma de acreditar a experiencia.**

Os documentos acreditativos deberán ser orixinais (documentos con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copias autenticadas ou copias compulsadas.

- A experiencia en Administracións Públicas, organismos autónomos dependentes desta ou entidades do sector público que se rexan por normas de dereito administrativo deberá acreditarse mediante:

a) Informe de vida laboral actualizado.

b) Certificado oficial de servizos que exprese a praza/posto/emprego desempeñado, así como o tempo de servizos prestados, con indicación do réxime xurídico.

- A experiencia en Entidades do Sector Público que non se rexan por normas de dereito administrativo e Entidades Privadas, deberá acreditarse mediante:

a) Informe de vida laboral actualizado.

b) Contrato laboral de cada período que pretenda acreditar reflectido na vida laboral. O contrato deberá acreditar a denominación do emprego. Tamén poderá acreditarse mediante unha nómina de cada un dos períodos na que figure a denominación da praza/posto/emprego e antigüidade.

B FORMACIÓN. A puntuación máxima deste apartado é de **14 puntos**.

Valorarase a formación que sexa relacionada co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

B-1 TITULACIÓNS ACADÉMICAS OFICIAIS. A puntuación máxima deste apartado é de **4 puntos**.

▪ **Criterios de puntuación das titulacións académicas.**

Valoraranse as titulacións que sexan relacionadas ou relevantes para o desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se valorará a titulación académica esixida para participar no procedemento selectivo que se convoca.

Cando o aspirante teña máis de unha titulación de acceso, poderá valorarse as que excedan da necesaria.

Non se valorarán as titulacións que forman parte do itinerario para obter a titulación esixida para participar no procedemento selectivo.

Cando se posúa máis dunha titulación na mesma rama ou especialidade, só se puntuará a superior.

▪ **Cadro de valoración titulacións académicas:**

	PUNTUACIÓN	
	RELACIONADA	RELEVANTE
TITULACIÓN UNIVERSITARIA		
DOUTORAMENTO	3,00	4,00
MASTER OFICIAL	2,75	3,75
LICENCIATURA	2,50	3,50
GRAO	2,00	3,00
DIPLOMATURA	1,50	2,50
TITULACIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL		
FP CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN (FPC)	1,00	2,00
FP GRAO SUPERIOR (FPGS)	0,75	1,75
FP GRAO MEDIO (FPGM)	0,50	1,50
FP BÁSICA (FPB)	0,25	1,25
TÍTULOS DE		
BACHARELATO	0,40	1,40
ESO	0,20	1,20

▪ **Forma de acreditar as titulacións académicas.**

As titulacións académicas oficiais acreditaranse mediante orixinal (que conte co código de verificación da Entidade emisora), copia autenticada ou copia compulsada do título ou certificación de solicitude do abono dos dereitos de expedición (no caso de equivalencia ou homologación de titulacións, deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas).

B-2 MÁSTERES PROPIOS, CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE, CURSOS, XORNADAS, SEMINARIOS, CONGRESOS E SIMILARES. A puntuación máxima neste apartado é de **8 puntos**.

▪ **Criterios de puntuación**

Valoraranse as actividades formativas que estean relacionadas co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca impartidas nos plans de formación da Deputación Provincial de Lugo, na Escola Galega de Administración Pública, a Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administracións Públicas ou nas Escolas oficiais de formación similares do estado, comunidades autónomas e administración local, universidades públicas, as impartidas no marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas e as impartidas polos colexios profesionais que versen sobre materias propias da súa especialidade.

Excepcionalmente poderán puntuarse actividades formativas impartidas por outros organismos ou entidades públicas ou privadas cando a xuízo do Tribunal, se motive a decisión.

Cando as persoas aspirantes acrediten actividades formativas sobre a mesma materia, quedará a xuízo do tribunal puntuar as de maior contido, as máis actuais ou puntuar todas, motivando a decisión que se adopte.

Non se valorarán as materias que formen parte de titulacións académicas.

Non se valorarán partes dos contidos dunha acción formativa.

Non se valorarán materias que formen parte de cursos/másteres propios.

Non se valorarán módulos nin unidades de competencia.

Puntuarase como impartición a docencia universitaria.

Valoraranse os certificados de profesionalidade recollidos no Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade cando estean relacionados ou sexan relevantes para a realización das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se valorarán cando os módulos do certificado de profesionalidade formen parte da titulación presentada para o acceso ao proceso selectivo ou de titulacións valoradas no apartado anterior.

As publicacións, proxectos ou similares relacionados coas funcións da praza/posto de traballo que se convoca, valoraranse a criterio do Tribunal de selección en función do seu contido e da relevancia para o exercicio das funcións.

▪ **Cadro de valoración de másteres propios, certificados de profesionalidade, cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares:**

FORMACIÓN	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia	0,010
Aproveitamento/certificados de profesionalidade/créditos	0,020
Impartición/docencia universitaria	0,030
Publicacións, proxectos ou similares	A criterio do Tribunal tendo en conta as puntuacións anteriores

▪ **Forma de acreditar as accións formativas:**

A acreditación realizarase mediante orixinais (que contén o código de verificación da Entidade que o expida), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, contido, número de horas, determinación de si é de asistencia, aproveitamento ou impartición e entidade que organiza.

Para acreditar as publicacións, proxectos ou similares, precisarase o orixinal (que conta co código de verificación da Entidade que o expida), copia autenticada ou copia compulsada do documento acreditativo ou certificado con validez legal, que permita apreciar con claridade o contido e a dimensión da acción correspondente.

B-3 IDIOMA GALEGO. A puntuación máxima neste apartado será de **1 punto**.

▪ **Criterios de valoración idioma galego**

Valoraranse os coñecementos do idioma galego superiores ao CELGA 4, cando sexan útiles e relacionados co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se puntuará o nivel de galego esixido na convocatoria.

Só se puntuará a acción formativa que teña maior puntuación.

▪ **Cadro de Valoracións idioma galego:**

NIVEL DE GALEGO	PUNTUACIÓN
Nivel de galego C1 ou CELGA 4.	0,50
Curso de nivel medio de linguaxe administrativo galego, curso de nivel medio de linguaxe administrativo local galego, curso de linguaxe xurídica galego, ciclo superior de estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, nivel de galego C2 ou CELGA 5.	0,75
Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega, ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega.	1,00

▪ **Acreditacións do nivel de galego.**

Acreditarase mediante orixinal (documento con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

B-4 OUTROS IDIOMAS OFICIAIS. A puntuación máxima no apartado é de **1 punto**.

▪ **Criterios de valoración doutros idiomas oficiais.**

O Tribunal poderá valorar idiomas oficiais que considere relacionados co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Só se puntuará de cada idioma o nivel de maior puntuación.

Para a valoración teranse en conta os niveis recollidos no Marco Europeo Comunitario.

Os Idiomas non comunitarios valoraranse a xuízo do tribunal tendo en conta o cadro do Marco Europeo de referencia.

Outras actividades formativas ou cursos que se realicen por organismos oficiais serán valorados a criterio do Tribunal.

▪ **Cadro de valoración de idiomas:**

IDIOMAS COMUNITARIOS MARCO EUROPEO	PUNTUACIÓNS
NIVEL C2	1,00
NIVEL C1	0,80
NIVEL B2	0,60
NIVEL B1	0,40
NIVEL A2	0,20
NIVEL A1	0,10
OUTROS IDIOMAS OFICIAIS	Valoraranse a xuízo do Tribunal tendo en conta as puntuacións anteriores
CURSOS REALIZADOS POR ORGANISMOS OFICIAIS	

▪ **Acreditación doutros idiomas.**

Acreditaranse mediante orixinal (documentos con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

9.- PROGRAMA DE ACCESO**A) MATERIAS COMÚNS**

1. A Constitución Española de 1978. Estrutura e principios xerais. O Tribunal Constitucional. Procedemento de reforma.
2. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns na Constitución Española de 1978. A protección e suspensión dos dereitos fundamentais.
3. A Coroa. As funcións constitucionais do Rei. O referendo. As Cortes Xerais. Composición, elección e disolución. Atribucións. O Defensor do Pobo e o Tribunal de Contas.
4. O Goberno na Constitución española de 1978. A designación e a remoción do Presidente do Goberno. As funcións do Presidente do Goberno.
5. O Poder Xudicial. Regulación constitucional da Xustiza. O Consello Xeral do Poder Xudicial.
6. Organización territorial do Estado. Distintas Administracións Públicas. A Administración do Estado. Administración central e periférica. A Administración Institucional.
7. As Comunidades Autónomas na Constitución Española de 1978. Competencias das Comunidades Autónomas.
8. A Organización institucional das Comunidades Autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Organización institucional da Comunidade Autónoma de Galicia. Competencias.
9. O réxime local español: principios constitucionais. Regulación xurídica. A autonomía local na Constitución española de 1978.
10. A provincia no réxime local. Órganos de decisión colexiados e unipersoais; organización complementaria.
11. A Administración Pública na Constitución. Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.
12. Sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. O principio de legalidade.
13. As fontes do Dereito Público. Normas supraestatais. Normas estatais. Normas autonómicas. Normas locais.
14. O procedemento administrativo común. Os interesados. Fases do procedemento administrativo común. Principais documentos do expediente administrativo.
15. A responsabilidade da Administración. A responsabilidade das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas.
16. O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O ingreso na función pública. A carreira administrativa. Adquisición e perda da condición de funcionario. As situacións administrativas. O sistema retributivo.
17. Incompatibilidades. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. Código disciplinario.
18. A Deputación Provincial de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo .

B) MATERIAS ESPECÍFICAS**BLOQUE 1:**

19. Protocolo, cerimonial e etiqueta. Concepto e evolución histórica.
20. Principios xerais do protocolo. Clasificación e contido dos actos. Fases. Planificación, deseño e execución dos proxectos protocolarios.
21. O protocolo na Comunidade Autónoma de Galicia. Principios Xerais. Normas de Aplicación.
22. O protocolo diplomático: introdución, historia e evolución. Sistema de precedencias para os xefes do estado, embaixadores e membros da carreira diplomática.
23. O protocolo diplomático. O corpo diplomático. Embaixadas e consulados. Definición da misión diplomática. Protocolo nas misións diplomáticas. Obrigacións protocolarias e sociais dun Embaixador.
24. Cerimonial diplomático. Presentación de cartas credenciais en España. Visita dun xefe de Estado.
25. O Protocolo non oficial. As academias reais: confesións relixiosas, protocolo universitario, protocolo empresarial.

26. Protocolo militar: estrutura e organización das Forzas Armadas. Actos públicos de carácter militar. Entrega de despachos e diplomas.
27. Protocolo deportivo. Acreditacións. Organización dos palcos deportivos. Cerimonias de inauguración, clausura e cerimonias de premios.
28. Protocolo deportivo: principais representantes, orde de precedencias, actos máis habituais. Protocolo olímpico e regulación normativa.
29. Protocolo internacional. Firma dun protocolo internacional. Conferencias internacionais. Precedencias especiais. Organismos supranacionais.
30. A Unión Europea. Simboloxía da unión. Bandeira e ordenación. O himno.
31. O protocolo nas institucións da Unión Europea.
32. O protocolo social: Relacións sociais. Saúdos, presentacións e tratamentos. Os Agasallos. Encontros sociais.
33. O protocolo social: A imaxe persoal. A importancia da imaxe. Primeira impresión. Indumentaria e elegancia. La etiqueta. Normas e usos. Normas xerais de comportamento.
34. Protocolo social: Comunicación. Comunicación no verbal, oral e escrita. Netiqueta.
35. O protocolo na administración local. Precedencias. Organización dos actos: planificación xeral dun acto protocolario e as dúas fases.
36. Protocolo local. Normativa e usos. Toma de posesión dun alcalde/sa.

BLOQUE 2:

37. Protocolo oficial: Recepcións e visitas institucionais de autoridades, a primeira pedra, as inauguracións e clausuras, as firmas de convenio, as celebracións das conmemoracións e efemérides, actos lutosos.
38. A xestión dos actos institucionais corporativos. Planificación, deseño e creación de proxectos protocolarios, conferencias, entrega de premios, audiencias. Cumbres e homenaxes.
39. Protocolo institucional: concepto e funcións. Habilidade sociais e relacións interpersoais. Tipos de protocolo. Clasificación dos actos.
40. Protocolo na organización de eventos. Tipos de eventos. Fases da organización dun evento. Os espazos e escenografía. O equipo humano na produción dos eventos.
41. Elaboración do programa para o desenvolvemento dun acto. Documentación: programa, escaleta e cronograma.
42. O anfitrión. Definición e funcións. O anfitrión desprazado.
43. A mesa nos actos: tipo de mesas. Localización da presidencia. Presidencia francesa e presidencia inglesa. Técnicas e normas xerais de colocación e sitting.
44. Os banquetes. Diferentes modos de establecer a precedencia na mesa. Sistemas de indicación do protocolo.
45. Xantar oficial. A mesa. Elementos e decoración da mesa. Comportamento na mesa. O servizo. Normas de cortesía na mesa.
46. Declaración de loito oficial. Decreto, elementos e actos lutosos.
47. Eventos sostibles. Accesibilidade nos eventos. Responsabilidade social corporativa. Protocolo adaptado para discapacitados.
48. Clases de actos. Os actos públicos e privados. Actos públicos oficiais: definición, organización e desenvolvemento.
49. O protocolo nos actos públicos. clases de actos públicos oficiais. Recepcións, tomas de posesión e visitas oficiais.
50. A presidencia e as súas responsabilidades. Quen preside? Quen pode estar na presidencia? Presidencias de pé e presidencias de mesa. Presidencias dobres. Presidencias fixas.
51. A presidencia. Características, clasificación e ordenación. Compoñentes. Cesión da presidencia.
52. Os convidados. Formas de determinar a precedencia dos convidados. Forma de indicar o protocolo. O convidado de honra: quen pode ser o e o seu lugar en diferentes actos. Consortes e acompañantes nun acto protocolario.
53. Sistemas de ordenación de invitados nos diferentes espazos.
54. A atención das autoridades nun acto protocolario. Ordenación e tratos das non autoridades.

BLOQUE 3:

55. A seguridade integral no protocolo.
56. Seguridade pública e privada. Forzas e corpos de Seguridade do Estado. Policía Local e Autonómica. Dispositivos e plans de seguridade. Protección ás autoridades.
57. A documentación dos actos públicos. O reflexo documental dos actos. Documentación do protocolo.
58. A etiqueta civil. Os uniformes civís, militares e nobiliarios.
59. As bandeiras: normativa. Uso e diferentes tipos de ordenación. Situación dos mastites. A bandeira de España, a bandeira de Galicia e a bandeira da Provincia de Lugo. Descrición.
60. Os himnos: o himno de España e de Galicia. Utilización. Os escudos: o escudo de España, de Galicia e da provincia de Lugo.
61. Os tratamentos honoríficos de España. Tipos. Tratamentos reais e nobiliarios. Tratamentos para condecoracións. Tratamentos para autoridades civís, militares, eclesiásticas e diplomáticas.
62. Os símbolos do estado, da comunidade autónoma de Galicia e da Provincia de Lugo.
63. Símbolos representativos das autoridades locais. Bastón de Mando, banda, medalla, insignia. Utilización dos símbolos nos actos oficiais das entidades locais.
64. O poder lexislativo. As cortes xerais. Os órganos das cámaras. Protocolo e cerimoniais parlamentario: precedencias, tratamentos e honras. Solemne acto de apertura da lexislatura.
65. O poder executivo: o goberno. Os seus membros e órganos territoriais. Protocolo no goberno: tratamentos e honras.
66. O poder xudicial: órganos de goberno xudicial. Protocolo xudicial: precedencias, tratamentos e honras. A inauguración do ano xudicial.
67. A coroa española. A familia Real e ao familia do Rei. Precedencia da Coroa. Honras á Coroa. As relacións coa Coroa.
68. Dereito Premial: Distincións das CCAA, das corporacións locais e provinciais. Nomeamentos honoríficos e condecoracións. Tramitación do expediente.
69. As precedencias. Definición e criterios xerais de aplicación. Representación e delegación.
70. As precedencias oficiais do estado: o Real Decreto de Precedencias. Conceptos Clave. A precedencias nos actos públicos oficiais no Estado.
71. Precedencias das CCAA. Orde das Autonomías. Tratamentos. Orde das Asembleas Lexislativas.
72. Precedencias nas corporacións locais. Tratamentos, ordenamento. A constitución dunha Corporación provincial e municipal.

BLOQUE 4:

73. Autoridades, corporacións e organismos con sede na Provincia de Lugo no ámbito público. O seu tratamento. Referencia ás Institucións e corporacións máis relevantes do sector privado.
74. A Provincia de Lugo. Xeografía. As distintas zonas territoriais e as súas peculiaridades. A Poboación e a súa distribución.
75. A sede da Deputación Provincial de Lugo. Historia. Valor artístico e arquitectónico. Outros edificios de interese.
76. A constitución da corporación provincial. Cerimonial e protocolo no acto da Toma de Posesión do Presidente/a da Deputación Provincial de Lugo.
77. Organización de visitas e viaxes oficiais, documentación. Recepcións na Deputación Provincial de Lugo.
78. Os congresos. Feiras e Exposicións. Acto protocolario de inauguración e de clausura. Organización, preparación e desenvolvemento.
79. A organización dunha oficina de protocolo: principios de funcionamento, prácticas e funcións de desenvolvemento diaria. Asesoramento.
80. Relacións humanas e protocolo. Protocolo e boa comunicación.
81. Función, tarefas e prácticas nun departamento de protocolo na administración local. Documentos da oficina de protocolo: a carta, saúdo, xestión e confección da invitación e outros.
82. Relación entre protocolo e comunicación. Necesidades dos medios de comunicación no desenvolvemento dos actos. As relacións entre o gabinete de comunicación e de protocolo. Criterios de coordinación.

83. Organización de actos para os medios de comunicación: rolda de prensa, almozos de traballo, presentacións á medios e entrevistas cos medios de comunicación.
84. A comunicación institucional na administracións locais. Comunicación institucional fronte a comunicación política. A comunicación institucional cos medios de comunicación.
85. A imaxe corporativa. Concepto e relevancia. Identidade corporativa. Xestión e reputación. A imaxe institucional. Uso e aplicacións.
86. O mecenado e o patrocinio. Conceptos xerais. Diferenzas. A negociación. Tipos de patrocinio.
87. Regulamento de identidade corporativa da Deputación Provincial de Lugo.
88. Teoría das RRPP. Definición e diferenzas co protocolo. Funcións das RRPP. As fases e estratexias das RRPP no goberno local.
89. O regulamento de honras e distincións da Deputación Provincial de Lugo. A Deputación. A Corporación Provincial. Os actos Oficiais. Declaración de loito oficial.
90. O regulamento de honras e distincións da Deputación Provincial de Lugo. Honras e Distincións. Procedemento de Concesión. Outras mencións honoríficas. Libro de Ouro. Libros de Honras e de Rexistro. Agasallos. Cronista Oficial. O Servizo de Protocolo e RRIL.

Lugo, 12 de maio de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1278

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de Alfoz de data 12 de maio de 2025 aprobouse a Oferta de emprego público correspondente á praza que a continuación se identifica para o ano 2025:

RÉXIME: PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA

ÁREA FUNCIONAL: Secretaría, Economía, Réxime Interior e Asuntos Xerais.

UNIDADE: Secretaria, Intervención e Tesourería.

GRUPO: A SUBGRUPO: A2.

DENOMINACION: TÉCNICO/A DE XESTIÓN.

NÚMERO DE VACANTES: 1 (UNHA).

POSTO DE TRABALLO: PT003 (CD 22- CE: 471,92 euros brutos/mes)

O que se publica en cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía , no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.

Alfoz, 12 de maio de 2025.- A Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 1279

BECERREÁ*Anuncio***EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía de data 06/05/2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de Abril de 2025 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 15/07/2025. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a existencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 9 de maio de 2025.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1280

*Anuncio***EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía, de 06/05/2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de marzo do 2025 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 15/07/2025. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 9 de maio de 2025.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1281

GUITIRIZ

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 233/2024

Sendo aprobado definitivamente a “Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa do Uso Común Especial do Dominio Público Local polas Actividades Extractivas de Madeira nos Montes e Espazos Forestais do Concello de Guitiriz” por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 28/11/2024 publícase integramente en cumprimento do preceptuado no art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, entrando en vigor dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Contra o presente acordo conforme o artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2024, de 5 de marzo, se poderá interpoñer polos interesados recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1988, de 13 de xullo da Xurisdicción Contencioso Administrativa.

O texto íntegro da ordenanza aprobado con carácter definitivo é o seguinte:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS DO CONCELLO DE GUITIRIZ

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co previsto no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e nos artigos 9, 11 e 15 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo; establece a taxa por aproveitamento especial de camiños de titularidade municipal, polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais, que se

rexerá por medio de ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004.

O obxecto será establecer o réxime xurídico de todas aquelas accións encamiñadas a previr, minimizar, corrixir ou, no seu caso, impedir os efectos que a utilización dos camiños de titularidade municipal, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte das cortas de madeira nos montes do municipio.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa o aproveitamento especial do dominio público local, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, solicitantes das correspondentes e preceptivas autorizacións para a concesión do aproveitamento especial do dominio público local, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal.

ARTIGO 4. RESPONSABLES

A empresa madeireira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo do depósito e saca, depósito e transporte da madeira, debendo reparar o dano causado.

A devandita obriga será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira, interveña nas operacións de depósito e saca de madeira por conta, consentimento ou aquiescencia da mesma e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables, principalmente cando a corta se faga a feito en zonas con pendentes elevadas, da adopción das medidas precisas para previr tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

Con relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria, estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:

- 0,32 €/tonelada (t) de madeira.

O Concello, a través do Servizo oportuno, ten a facultade de inspeccionar e comprobar todo o relacionado co aproveitamento especial dos camiños de titularidade municipal dos que se fai cargo nesta Ordenanza.

ARTIGO 6. EXENCIONES

Quedan exentos do pago desta taxa:

Os vehículos de Institucións e Entes Públicos no exercicio da súa función, tales como policía, bombeiros, gardas, etc...

En circunstancias especiais, poderanse considerar outras situacións distintas ás citadas no parágrafo anterior, como poden ser: obras públicas, actividades de interese público ou xeral, promovidas polas Administracións Públicas ou polos seus entes instrumentais, casos de emerxencia, accidentes ou catástrofes, etc...

Vehículos ou máquinas utilizadas para as seguintes actividades:

- Podas en plantacións forestais
- Rozas e limpeza de fincas
- Clareo de rebrotes de cepas de menos de tres anos
- Cortas puntuais de exemplares de árbores ornamentais
- Cortas para usos domésticos
- Actividades agrícolas e gandeiras

ARTIGO 7. DEVENGO

A taxa devengarase segundo a natureza do seu feito imponible, cando se conceda a correspondente licenza ou autorización para a realización das actividades que constitúan o feito imponible da taxa, unha vez tramitado o correspondente expediente iniciado coa presentación da solicitude polo suxeito pasivo.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

Os suxeitos pasivos que se benefician polo aproveitamento especial regulado nesta taxa virán obrigados a abonar as cotas correspondentes cando se conceda a correspondente licenza ou autorización.

Os transportistas e contratistas que precisen a utilización de camiños de titularidade municipal deberán solicitar a oportuna licenza municipal conforme ao establecido no artigo 5 da Ordenanza Municipal para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira publicada no BOP de Lugo de data 16 de outubro de 2017.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e concretamente, polo establecido na Ordenanza Municipal para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira publicada no BOP de Lugo de data 16 de outubro de 2017.

Á súa vez, poderán esixirse por procedemento administrativo de prema as débedas por este servizo, de conformidade co artigo 46.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e a normativa de recadación que sexa de aplicación.

ARTIGO 10. LEXISLACIÓN APLICABLE

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais disposicións complementarias actualmente en vigor ou que se diten en diante.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.>>

Guitiriz, 9 de maio de 2025.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1282

LUGO**Anuncio**

Ilma. Sra. Dona Ana M^a González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial do Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Ilmo. Sr. Don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente en relación á lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 praza de Operario/a de Cemiterio pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2020), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 26 de xullo de 2023 , adoptou, entre outros, o acordo 31/598 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE CEMITERIO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL(OEP 2020).

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 11 de Outubro de 2023, adoptou o acordo 10/754 de RECTIFICACIÓN DO ERRO DETECTADO NO ACORDO 31/598 APROBACIÓN BASES

ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A (GRUPO AP-AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS) DE CEMITERIO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (OEP 2020).

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 22 de Novembro de 2023 , adoptou, o acordo 12/872 de RECTIFICACIÓN DO ERRO DETECTADO NO ACORDO 10/754 RELATIVO ÁS BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A (GRUPO AP-AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS) DE CEMITERIO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2020)

- Polo Decreto Nº: 6641/2023 de data 31/07/2023 (modificado polo Decreto nº 11282/2023 de data 14/12/2023), resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso a unha praza de Operario/a de Cemiterio pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre reservado a persoas con Discapacidade (OEP 2020), que se rexerá tanto polas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE” publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 31/598, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 26 de Xullo de 2023 (modificado polo acordo 10/754 do 11/10/2023, e polo acordo 12/872 do 22/11/2023).

Dito decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 179, do 5 de Agosto de 2023 e as modificacións no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 291, do 21 de Decembro de 2023 , extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” núm. 50 de 11 de Marzo do 2024. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 84 do 5 de Abril do 2024.

-Con data do 6 de Maio do 2024 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 8 de maio de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. número 099, do 2 de maio de 2017 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (no BOP de Lugo número 274, do 29 de novembro de 2018 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais), figurando na súa base DUODÉCIMA.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS

“Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Por todo o anteriormente exposto, as atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024 ditado pola Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo Decreto 4036/2024 do 30/04/24, o Decreto 2376/2025 de 11/03/2025 e o Decreto 2730/2025 de 19/03/2025 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 6641/2023 do 31/07/2023 (modificado polo Decreto Nº11282/2023 do 14/12/2023) a unha praza de Operario de Cemiterio pertencente o cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2020), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS:

Ningún

EXCLUIDOS/AS:

Apelidos e Nome	DNI	Motivo de exclusión
MASEDA MOURELLE, PABLO	***3983**	(2)
VILLARINO SANCHEZ, GUILLERMO ANGEL	***1737**	(1)

(1): Non aportar certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da Administración sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza.

(2): Aportar certificado que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza, non válido.

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 8 de maio de 2025.- A Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, a Ilma. Sra. Dona Ana Mª González Abelleira, por suplencia do Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude, o Ilmo. Sr. Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 1283

Anuncio

Ilma. Sra. Dona Ana Mª González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial do Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Ilmo. Sr. Don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente en relación á lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de Oficial Sepultureiro/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (1 pertencente a OEP 2020 e 1 pertencente á OEP 2021), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 28 de decembro de 2022 adoptou, entre outros, o acordo 13/800 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE OFICIAL SEPULTUREIRA/O PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA OEP 2020 E OEP 2021.

- Polo DECRETO Nº 6319/2023 do 13/07/2023 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a DÚAS PRAZAS DE OFICIAL SEPULTUREIRA/O PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA OEP 2020 E OEP 2021. que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 28 de decembro de 2022.

Dito Decreto foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 166 do 20 de Xullo de 2023 e extracto do mesmo no «Diario Oficial da Galicia» número 175, do 14 de Setembro de 2023. O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 246, do 14 de Outubro de 2023.

- Con data do 13 de Novembro de 2023 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Informe do Servizo de Persoal de data 7 de maio de 2025, do cumprimento de requisitos dos aspirantes no proceso selectivo.

- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 7 de maio de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de Novembro de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, (no BOP de Lugo do 15 de febreiro de 2019 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais) figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS, o seguinte:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Por todo o anteriormente exposto, atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024 ditado pola Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo Decreto 4036/2024 do 30/04/24, o Decreto 2376/2025 de 11/03/2025 e o Decreto 2730/2025 de 19/03/2025 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto N º6319/2023 do 13/07/2023 para o acceso en propiedade a dúas prazas de Oficial Sepultureiro/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2020 e OEP 2021), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS :

Apelidos e Nome	DNI
ROZAS LOSADA, JOSE MANUEL	***4715**

EXCLUÍDOS/AS :

Ninguén

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 8 de maio de 2025.- A Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, a Ilma. Sra. Dona Ana Mª González Abelleira, por suplencia do Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude, o Ilmo. Sr. Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 1284

Anuncio

Ilma. Sra. Dona Ana Mª González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial do Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Ilmo. Sr. Don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente en relación á lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 praza de Encargado/a monitor/a de Educación Vial pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (OEP 2020), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2023 adoptou, entre outros, o acordo 28/595 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ENCARGADO/A MONITOR/A DE EDUCACIÓN VIAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OPE 2020)

- Polo DECRETO Nº: 6639/2023 do 31/07/2023 resolveuse aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade dunha praza de Encargado/a monitor/a de educación vial pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OPE 2020).

Dito Decreto foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 179 do 5 de agosto de 2023 e extracto do mesmo no «Diario Oficial da Galicia» número 175, do 14 de setembro de 2023. O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 246, do 14 de outubro de 2023.

- Con data do 13 de novembro de 2023 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Informe do Servizo de Persoal de data 8 de maio de 2025, do cumprimento de requisitos dos aspirantes no proceso selectivo.

- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 8 de maio de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de Novembro de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, (no BOP de Lugo do 15 de febreiro de 2019 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais) figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS, o seguinte:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria segundo as atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024 ditado pola Excm. Sra. Alcadesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo Decreto 4036/2024 do 30/04/24, o Decreto 2376/2025 de 11/03/2025 e o Decreto 2730/2025 de 19/03/2025 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Encargado/a monitor/a de educación vial pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2020), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS :

Apelidos e Nome	DNI
REIGOSA MOURIZ, JOSE RODRIGO	***3977**

EXCLUÍDOS/AS :

Ningún.

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 8 de maio de 2025.- A Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, a Ilma. Sra. Dona Ana Mª González Abelleira, por suplencia do Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude, o Ilmo. Sr. Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 1285

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA MARZO 2025 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 05.05.2025 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de MARZO 2025.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 16.05.2025 ao 16.07.2025.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 7 de maio de 2025.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1286

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA ABRIL 2025

Por Xunta de Goberno Local do día 05.05.2025 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de ABRIL de 2025.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 23.05.2025 ata o 23.07.2025.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 7 de maio de 2025.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1287

Anuncio

Con data 7 de maio do 2025 o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Monforte de Lemos ditou seguinte RESOLUCIÓN de APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS /EXCLUÍDAS E CONVOCATORIA 1º EXERCICIO PROCESO SELECTIVO AUX POLICÍA LOCAL 2025 que a continuación se detalla:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte lista definitiva (ó non existir aspirantes excluídos) de admitidos e excluídos no proceso selectivo que nos ocupa: ADMITIDOS/AS DEFINITIVAMENTE:

NOME E APELIDOS	DNI
VÍCTOR SANTIAGO RODRÍGUEZ RAMOS	32***27W
CHRISTIAN ALEJANDRO SILVA REINOSO	45***60S

BRYAN VÁZQUEZ PACHECO	34***52K
MIGUEL ÁNGEL SALGADO ZAMAR	34***88D
DAVID MARCOS PÉREZ	34***63W
DAVID MUIÑOS PORTELA	77***47C
SERGIO GUITIÁN RODRÍGUEZ	34***79J
EDUARDO GARCÍA REVALDEIRA	33***88A
ANDREA RODRÍGUEZ CORRAL	34***92D
CARLOS RODRÍGUEZ PEDRIDO	34***88Q
URKO DUARTE INJERTO	34***82Z
ALEXANDRE VENTURA MARTÍNEZ	77***87E
XESÚS MANUEL REBOLO TABOADA	34***63N
DIEGO GONZÁLEZ VILA	44***91R
NICOLÁS BECERRA LÓPEZ	34***60B
LARA BAL RIGUEIRO	34***13S
ANA COBAS TELEZ	34***04B
BRAIS CASTRO GÓMEZ	33***06R
EMILIO TORRES FRAILE	34***34F
JOSÉ RAMÓN REGO ROMÁN	33***75Y
ALEJANDRO PRADOS ARIAS	34***79X

SEGUNDO.- Nomear ós membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo.

PRESIDENTE: Miguel Martínez Díaz, Inspector Xefe da Policía Local do Concello de Monforte de Lemos.

Suplente: D. José Olaf Fernández Fuente, Axente da Policía Local do Concello de Monforte de Lemos VOGAIS: D. Néstor Álvarez López. Oficial da Policía Local do Concello de Monforte de Lemos, D^a. Verónica Pérez Amaro, e D. José Luis Díaz Rodríguez Axentes da Policía Local do Concello de Monforte de Lemos.

Suplentes: D. Carlos Losada Díaz, D. Marcos González Díaz e Diego Fernández Rodríguez Axentes da Policía Local do Concello de Monforte de Lemos.

SECRETARIO: Don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral do Concello de Monforte de Lemos. Suplente: Don Óscar Rodríguez Pérez, Técnico de deportes do Concello de Monforte de Lemos.

TERCEIRO: Publicar esta resolución no BOP de LUGO, na páxina WEB e no taboleiro de anuncios.

Contra o Acordo anterior poderá o interesado interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados dende o día seguinte ó da publicación deste acto.

CUARTO: Contra ó nomeamento do tribunal, por ser de trámite, non cabe recurso algún, sen prexuízo dos que se desexen interpor. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

QUINTO: Convócase ós/as aspirantes admitidos/as para a realización do primeiro e segundo exercicio da fase de oposición (proba de coñecementos e proba de coñecemento da lingua galega) o vindeiro 19 de MAIO, ás 11:00 horas no Salón de Actos Do Centro Cívico do Concello de Monforte de Lemos, sita no Paseo do Malecón, 26, CP 27400 Monforte de Lemos, Lugo.

A proba de coñecemento da lingua galega levarase a cabo inmediatamente despois da de coñecementos.

Monforte de Lemos, 7 de maio de 2025.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1304

XOVE

Anuncio

SELECCIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DE UNHA (1) PRAZA DE PERSOAL DE LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE XOVE PERSOAL LABORAL FIXO

Por Decreto de Alcaldía 2025/0975 de 09 de maio de 2025, aprobáronse as bases reguladoras da convocatoria para a selección e provisión, de unha (1) praza de persoal de limpeza viaria do concello de Xove persoal laboral fixo, prevista na OEP 2023 do concello de Xove (BOP nº 197 de 28.08.2023) para a súa cobertura definitiva, polo sistema de concurso - oposición, que a seguir se transcriben na súa integridade:

“CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, COMO PERSOAL LABORAL FIXO, DE UNHA (1) PRAZA DE PERSOAL DE LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE XOVE PERSOAL LABORAL FIXO (OEP 2023)

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para a provisión como **persoal laboral fixo** de unha (1) praza de persoal de limpeza viaria do concello de Xove (OEP 2023); logo de terse asinado a Resolución de Alcaldía 2023-0984 pola que se aproba a Oferta de Emprego Público do concello de Xove para o ano 2023 publicada no BOP nº 197 de 28.08.2023, na que se prevé a cobertura da dita praza de persoal de limpeza viaria.

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA.

GRUPO: AP

CONTRATO: Persoal laboral fixo

NÚM. DE VACANTES: 1

DENOMINACIÓN: PERSOAL DE LIMPEZA VIARIA

XORNADA DE TRABAJO: Xornada completa

COMETIDO FUNCIONAL: O cometido funcional será o sinalado na vixente Relación de Postos de Trabajo ou, no seu caso, disposición que a substitúa. Posto 31

XORNADA DE TRABAJO: A tempo completo (100%)

RETRIBUCIÓN: As retribucións a percibir serán as correspondentes á praza consonte ao establecido nos art. 22 e seguintes do RDL 5/2015, de 30 de outubro) así como no artigo 29 do vixente Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Xove.

3.- Normativa de aplicación.

- Artigo 11.1 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, E.B.E.P.): “*É persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas Administracións Públicas. En función da duración do contrato este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal.*”

- Artigo 26.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia (en diante LEPG): “*Teñen a condición de persoal laboral as persoas que, en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, prestan servizos retribuídos nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei. En función do réxime de duración do contrato, este pode ser fixo, temporal ou indefinido.*”

- Artigo 55.1 do E.B.E.P.: “*Todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico.*”

- Artigo 55.2 do E.B.E.P.: “*As Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

a) *Publicade das convocatorias e das súas bases.*

- b) *Transparencia.*
- c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.*

- Artigo 55.1 LEPG 61.1 do E.B.E.P.: “Os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto/Lei”.

- Artigo 91.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala: “A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso- oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

- Artigo 26.3 da LEPG: “Poden ser desempeñados por persoal laboral:

a) Os postos de natureza non permanente e aqueles cuxas actividades se dirixan a satisfacer necesidades de carácter periódico e discontinuo.

b) Os postos cuxas actividades sexan propias de oficios.

c) Os postos correspondentes a áreas de actividade que requiran coñecementos técnicos especializados cando non existan corpos ou escalas de persoal funcionario nos cales as persoas integrantes teñan a preparación específica necesaria para a súa desempeño.

d) Os postos de carácter instrumental correspondentes ás áreas de mantemento e conservación de edificios, equipamentos e instalacións, e artes gráficas, así como os postos das áreas de expresión artística”.

4.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de **CONCURSO-OPOSICIÓN**, de acordo co establecido no artigo 61.7 do TREBEP en relación co artigo 57.2 da LEPG.

No caso que nos ocupa, sendo que as prazas a convocar corresponde á postos cuxas actividades son propias de oficios, concretamente as tarefas e funcións asignadas ao posto nº 31 da vixente RPT do concello de Xove, enténdese motivada a aplicación do sistema de concurso-oposición para a convocatoria das prazas de persoal de limpeza viaria tendo en conta a necesidade de ter experiencia acreditada no desenrolo das tarefas propias do dito posto.

5.- REQUISITOS

Para tomar parte nestas probas selectivas será necesario reunir na data de remate do prazo sinalado para a presentación de instancias, os seguintes requisitos:

5.1.- Requisitos Xerais:

a) Nacionalidade: Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do E.B.E.P.

b) Capacidade: Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza.

c) Idade: Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa nos termos establecidos no artigo 56.1.c) do E.B.E.P.

d) Habilitación: Non ter sido separadas mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de seren nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitadas ou en situación equivalente nin ter sido sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

5.2.-Requisitos específicos:

a) Titulación: De acordo co apartado c) do artigo 135 do RD Lexislativo 781/86, de 18 de abril; co apartado e) do artigo 56 do E.B.E.P., e o artigo 50 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, será necesario estar en posesión ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes dos títulos seguintes títulos de xeito conxunto:

- Graduado escolar, certificado de escolaridade ou equivalente

b) De acordo co previsto no artigo 50.2 da LEPG, requírese que os aspirantes acrediten estar en posesión ou en condicións de obtelo na data de remate do prazo de presentación de solicitude os seguintes carnés:

- Carné de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios (nivel básico)
- Carné de conducir B

c) O coñecemento da lingua galega: as persoas interesadas deberán estar en posesión ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, do Celga 2 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa Disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Diario Oficial de Galicia núm. 146, do 30 de xullo de 2007), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (Diario Oficial de Galicia núm. 34, do 19 de febreiro de 2014).

Todos aquelas persoas aspirantes que non dispoñan do Celga 2, deberán realizar a proba de coñecemento da lingua galega reflectida na Base Novena para acreditar o nivel de coñecemento da lingua equivalente ao Celga 2.

6. PUBLICACIÓN.

De conformidade co disposto nos artigos 205.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o anuncio da presente convocatoria e das bases que rexen o presente proceso selectivo publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Así mesmo, o anuncio da convocatoria tamén será publicado no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia. A data de publicación no BOE abre o prazo de presentación de solicitudes.

7. SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO

Instancias e documentación adicional. As persoas interesadas poderán participar no presente proceso selectivo mediante unha solicitude no modelo oficial que estará dispoñible no taboleiro de anuncios electrónico do concello de Xove, na Sede Electrónica unha vez iniciado o prazo para a presentación de instancias.

- Os erros de feito, materiais ou aritméticos que se puideran advertir, poderán subsanarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.
- Os aspirantes quedan vinculados aos datos que teñan feito constar na súa solicitude, podendo unicamente demandar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo establecido para a presentación de solicitudes.
- As persoas con discapacidade con grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que o soliciten deberán formular petición concreta na solicitude de participación na que se reflexen as necesidades específicas que ten o candidato/a para acceder ao proceso de selección en igualdade de condicións. Co fin de que o Tribunal poda resolver con obxectividade a solicitude plantexada, o interesado deberá adxuntar dictame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de valoración que ditaminou o grao de minusvalía.

Xunto coa instancia deberá presentarse a seguinte documentación:

a) Fotocopia dos documentos acreditativos da nacionalidade da persoa aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do E.B.E.P.

b) No seu caso, acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Esta acreditación presentase no suposto de que a persoa aspirante solicite a adaptación de probas na solicitude de participación. Ante a petición efectuada o Tribunal resolverá a conveniencia ou non de admitir a adaptación, tendo en conta o sinalado na Orde 1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e a proba a realizar

c) Fotocopia da/s titulación/s académica/s, así como, dos demais requisitos específicos ou, no seu defecto, certificación académica dos estudos realizados á que necesariamente se acompañará a acreditación do pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación.

d) Certificado acreditativo de estar en posesión do Celga 2 ou o equivalente debidamente homologado, nos termos reflectidos na Base 5.2

e) Documentación acreditativa dos méritos a valorar na fase do concurso.

Deberá presentarse a documentación acreditativa dos méritos recollidos na Base 11.

*** OS/AS ASPIRANTES, ABSTERANSE DE PRESENTAR XUSTIFICACIÓNS DE MÉRITOS CLARAMENTE NON PUNTUABLES.**

Forma de presentación.

a) Presentación en papel:

Deberá presentar a documentación requirida antecedita do oportuno índice de documentos, no que sinala nominativamente cada documento. A documentación a presentar constará debidamente foliada con reflexo no antedito índice, a fin de facilitar a labores do órgano de selección.

b) Presentación electrónica:

No caso de presentar a solicitude a través da sede electrónica do concello, deberán presentar toda documentación en formato .pdf, non admitindo outros formatos electrónicos coma capturas en formato .jpg.

Deberán presentar o oportuno índice de documentos no que sinala nominativamente cada documento.

Por último, presentarán cada documento que aporte, sexa este como requisito para participar ou ben como mérito a valorar nun único documento .pdf, non sendo admisible agrupar nun único documento pdf. toda a documentación a presentar.

Prazo de presentación. Este será de **VINTE (20) DÍAS HÁBILES** contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no BOE.

Lugar de presentación:

- De xeito presencial no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9.00 a 14.00 horas en días laborables (Luns a Venres)

- A través de medios telemáticos na Sede Electrónica do Concello de Xove

- Por calquera das formas que determina o artigo 16.4 da L 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do aspirante.

A participación neste proceso implica a aceptación íntegra destas bases.

Se en calquera momento do proceso selectivo se constatase que os aspirante incorreu en falsidade na documentación aportada ou na declaración na que asegura estar en posesión de determinada documentación, o órgano competente procederá a excluílo do proceso selectivo.

Consentimento ao tratamento de datos persoais: Coa formalización e presentación da solicitude, as persoas aspirantes darán o consentimento expreso ao tratamento dos datos de carácter persoal necesarios para tomar parte na convocatoria e para o resto de tramitación do proceso selectivo, consonte a normativa vixente.

8. LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS.

Listaxe provisional. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o/a Alcalde/sa resolverá aprobando a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas cos motivos da exclusión, así como a designación do Tribunal cualificador.

A resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove, concedéndose un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no dito boletín oficial, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión, así como para promover a recusación dos membros do Tribunal cualificador.

A publicación da dita resolución no dito boletín oficial será determinante para efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade coa lexislación vixente.

Listaxe definitiva. A lista provisional elevarase a definitiva transcorrido o prazo de reclamacións se non as houberse. No suposto de que se produzan reclamacións deberá ditarse nova resolución estimándolas ou desestimándolas.

A resolución pola que se fixa definitivamente a lista de persoas admitidas e excluídas publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación e a hora, lugar e data en que se constituirá o Tribunal.

O feito de figurar incluído/a na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificadas documentalmente tras a finalización do mesmo.

Recursos contra a listaxe definitiva. Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma na Sede Electrónica ou recurso contencioso-administrativo, diante do xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de realizar calquera outro que estime pertinente.

9. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Composición. O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do E.B.E.P. e estará integrado por, tendo todos eles voz e voto, excluído o Secretario do Tribunal:

- Un Presidente
- Tres vogais
- Un Secretario

Na composición do Tribunal tenderase, de ser posible, á paridade entre homes e mulleres debendo protexerse igualmente o principio de especialización a que fai referencia o artigo 4 do RD 896/1991, de 7 de xuño.

Deberá designarse un suplente para cada membro do Tribunal.

Os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Nomeamento e publicación. As persoas que integren o Tribunal, serán nomeadas mediante resolución da Alcaldía. A dita resolución publicárase na Sede Electrónica do Concello aos efectos de que os aspirantes podan formular recusación.

Abstención e recusación. Os membros do Tribunal, absteranse de intervir, comunicándollo á Alcaldía, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no correspondente artigo da vixente Lei do Procedemento Administrativo Común, así como, cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a súa recusación de acordo co sinalado na citada Lei.

Actuacións do Tribunal. O Tribunal non actuará cun quorum de asistencia inferior a tres membros, sendo sempre necesaria a asistencia dos compoñentes que exerzan as funcións da Presidencia e da Secretaría; non obstante, ante a ausencia dos titulares e/ou suplentes da Presidencia e/ou da Secretaría, poderán actuar como tales os membros asistentes, titulares e/ou suplentes, das distintas vogalías. As devanditas substitucións realizaranse utilizando a orde empregada na resolución de nomeamento dos correspondentes membros para exercer as funcións de vogais.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas interpretativas que xurdan para aplicación das normas contidas nas presentes Bases estando igualmente facultado para resolver as cuestións que se susciten durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

Segundo as circunstancias do proceso, cando razóns técnicas ou doutra índole así o aconsellasen, o Tribunal, por medio da Presidencia, poderá dispor a incorporación aos seus traballos con carácter temporal, de asesores especialistas, que poderá ser persoal do Concello ou doutras administracións públicas que limitarán a súa intervención á colaboración que, en función das súas especialidades técnicas, lles solicite o Tribunal polo que actuarán con voz pero sen voto.

Os acordos do tribunal adoptaranse conforme ao estipulado para a actuación dos órganos colexiados na vixente Lei de Procedemento Administrativo e axustarán a súa actuación aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, así como á normativa en materia de acceso ao emprego público.

Os acordos do Tribunal cualificador só poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos supostos e na forma establecida na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico sector público e do procedemento administrativo común, a través do recurso de alzada ante o/a Alcalde/sa do Concello de Xove, de acordo co precisado no artigo 121.1 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O dito recurso de alzada poderá presentarse electronicamente a través do rexistro electrónico do Concello de Xove ou, alternativamente, en soporte papel na Oficina de asistencia en materia de rexistros desta Administración local, ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das administracións públicas.

Pagamento de asistencias e indemnizacións. Os membros do Tribunal, así como os asesores e colaboradores, no seu caso, terán dereito pola súa concorrencia ás sesións ao pagamento de asistencias, gastos de desprazamentos e de manutención, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data da realización das probas.

10. CITACIÓN AOS MEMBROS DO TRIBUNAL E ÁS PERSOAS ASPIRANTES PARA LEVAR A CABO O PROCESO SELECTIVO.

A citación ao Tribunal e ás persoas aspirantes para a realización tanto da proba de coñecemento da lingua galega como da fase de oposición deberá publicarse no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica cunha antelación mínima de 48 horas á hora da súa celebración.

As persoas aspirantes presentaranse ás probas previstas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, podendo ser requiridos en calquera momento polo Tribunal.

11.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

Tal e como se indica na Base Primeira o procedemento de selección da praza convocada realizarase a través do sistema de concurso-oposición.

A valoración do proceso selectivo efectuarase sobre unha puntuación máxima de 100 puntos, realizándose a selección mediante o procedemento de oposición libre.

A puntuación total obterase da suma da puntuación obtida na fase de concurso, así como, nos dous exercicios nos que consistirá a fase de oposición, sempre e cando se tivese superados cada un dos ditos exercicios cunha puntuación mínima do cincuenta por cento da puntuación máxima a obter en cada un dos exames.

11.1.- FASE DE CONCURSO: (TOTAL 40 puntos)

A fase de concurso consistirá na cualificación dos méritos alegados no momento da solicitude de participación pola persoa aspirante (non sendo polo tanto obxecto de valoración aqueles méritos obtidos con posterioridade ao vencemento do prazo de solicitude e admisión), de acordo co baremo de méritos que se establece a continuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no concurso como consecuencia da valoración de méritos efectuada consonte o seguinte baremo será de 20 puntos.

11.1. 1. MÉRITOS AVALIABLES:

A.- EXPERIENCIA PROFESIONAL (24 puntos)

Os méritos profesionais suporán o 66,67 % da puntuación total do concurso, podéndose acadar polo tanto un máximo de 24 puntos. Os criterios de valoración deste mérito son os seguintes:

- Servizos efectivamente prestados nunha Administración local como persoal funcionario ou laboral no mesmo Grupo e Subgrupo (AP) da praza convocada de persoal de limpeza viaria: 0´80 puntos por cada mes de traballo efectivo, sendo preciso acreditar unha experiencia de dous anos e medio para obter a puntuación máxima.
- Servizos efectivamente prestados no sector privado como persoal laboral persoal de limpeza viaria en instalacións deportivas: 0´20 puntos por cada mes de traballo efectivo, sendo preciso acreditar unha experiencia de dez anos para obter a puntuación máxima.

A diferente valoración na mobilidade habitual á que están subordinados os traballadores do sector privado nos traballos a desenvolver, así como, a diversidade funcional de tarefas a realizar.

B.- MÉRITOS ACADÉMICOS OU FORMATIVOS (16 PUNTOS)

Os méritos académicos ou formativos suporán o 33,33 % da puntuación total do concurso, podéndose acadar polo tanto un máximo de 16 puntos.

Cursos de formación e/ou perfeccionamento que teñan relación directa coa praza convocada e que fosen convocados ou homologados por calquera centro ou organismo de formación de empregadas/os públicos e/ou universidades:

Por cada hora de curso realizado	0,10 puntos
----------------------------------	-------------

En ningún caso se puntuarán no presente subapartado, os cursos de galego e de idiomas, así como, os cursos transversais en materia prevención de riscos laborais que fosen cursados pola persoa interesada. Tampouco os cursos derivados de procesos selectivos, promoción interna, plans de emprego e adaptación de réxime xurídico á natureza dos postos que se ocupan. No suposto de cursos impartidos, estes valoraranse por unha soa vez, non sendo susceptibles de ser valoradas edicións dun mesmo curso, nin tampouco cursos correspondentes a requisitos específicos previstos nestas bases.

Consecuencias de non acreditar os méritos.

Non acreditar os méritos tal e como se sinala a continuación, acreditarlos de forma insuficiente, a xuízo do Tribunal, ou presentalos fóra do prazo de presentación de solicitudes, non será emendable, polo que non serán tidos en conta polo Tribunal.

11.1. 2. FORMA DE ACREDITACIÓN E PRESENTACIÓN DOS MÉRITOS

Forma de acreditación de méritos:

Experiencia profesional:

- O desempeño das funcións de persoal de limpeza viaria como funcionario ou contratado laboral en calquera administración pública e/ou en entidades do sector público, acreditarase mediante certificación expedida polo Técnico competente de dita Administración ou entidade na que se certifique o tempo traballado na

mesma desempeñado as funcións de persoal de limpeza viaria, xunto cun informe de vida laboral cunha antigüidade máxima de tres meses.

- O desempeño das funcións de persoal de limpeza viaria no sector privado, acreditarase mediante a presentación dos contratos formalizados nos que figure reflexado que o seu obxecto é o desempeño das funcións de persoal de limpeza viaria en instalacións deportivas, xunto cun informe de vida laboral cunha antigüidade máxima de tres meses.

Méritos académicos ou formativos:

Para acreditar o mérito relativo á formación alegada polas persoas aspirantes, e cuxa valoración pretendan, deberán achegar o título correspondente ou certificación ou documento acreditativo equivalente de ter superado o curso ou acción formativa alegados, e que teña sido expedido polo órgano ou autoridade competente da entidade ou organismo promotor, organizador ou responsable aos ditos efectos acreditativos.

Nos ditos documentos acreditativos da realización dos cursos ou accións formativas deberá constar a data da súa realización, a súa duración, así como o seu obxecto ou materias, temario ou contidos impartidos; de non figurar/acreditarse ditos extremos, non serán obxecto de valoración.

En todo caso, non se terán en conta outras formas de acreditación da formación específica diferentes das previstas nestas bases.

As persoas aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude referida anteriormente e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen de entre os establecidos no correspondente baremo conforme ao previsto nestas bases.

O Tribunal cualificador poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados e sen xustificación nos termos establecidos nos dous parágrafos anteriores.

Se o mérito que se alega é ter prestados servizos, deberá achegarse a correspondente certificación da Administración Pública ou entidade do sector público onde prestou os ditos servizos a persoa aspirante, xunto cun informe de vida laboral recente, nos termos expresados nestas Bases.

Sen prexuízo do anterior, a falta de acreditación dos méritos alegados nos termos expostos nas presentes Bases, acreditalos de forma insuficiente, ou presentalos fóra do prazo de presentación de solicitudes, non será emendable, polo que non serán tidos en conta polo Tribunal cualificador.

11.2.- FASE DE OPOSICIÓN: (TOTAL 60 puntos)

O Tribunal requirirá, ao inicio de cada proba da fase de oposición a identificación dos aspirantes, a cuxo fin deberán estar provistos no D.N.I. ou calquera outro documento acreditativo da súa identidade.

No suposto de que algún tema dos integrantes no temario que figura como Anexo I se vise afectado por algunha modificación, ampliación ou derogación normativa, esixirase en todo caso a normativa vixente no momento da realización das respectivas probas.

A fase de oposición garantirá o anonimato dos candidatos e a tal efecto cada aspirante, unha vez identificado con carácter previo ao comenzo de cada proba, seleccionará aleatoriamente un sobre no que figurará un código, que deberá reservarse para sí, facendo constar dito código nos exames ou supostos nos que consista a fase de oposición. En dito sobre igualmente deberán encherse os datos identificativos do candidato (nome, D.N.I. e sinatura) así como o código que lle corresponde. Os sobres cos datos identificativos e os códigos asignados a cada aspirante, unha vez pechado polos candidatos, serán entregados ao Tribunal, quen os custodiará, debidamente pechados, ata a súa apertura en acto público unha vez rematado o proceso de selección. O Tribunal excluirá a aqueles candidatos en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

Unha vez celebrado o primeiro exercicio, o Tribunal fará pública a través da Sede Electrónica municipal a plantilla coa relación das respostas correctas e a Acta da sesión asinada por todos os membros do Tribunal. Posteriormente convocarase mediante anuncio na Sede Electrónica o acto público de apertura de sobres identificativos.

No suposto de presentación de reclamacións ou alegacións o Tribunal convocará sesión aos efectos do exame, valoración e estimación ou desestimación das mesmas e das correccións que, no seu caso, fose necesario realizar.

Tanto a estimación como a desestimación das alegacións ou reclamacións presentadas, deberán ser motivadas polo Tribunal e dita motivación será reflectida na Acta así como as correccións derivadas das mesmas.

Unha vez celebrado o segundo exercicio, o Tribunal publicará na Sede Electrónica a correspondente Acta da sesión asinada por todos os membros do Tribunal. Posteriormente convocarase mediante anuncio na Sede Electrónica o acto público de apertura de sobres identificativos.

Unha vez finalizada a fase de oposición o Tribunal procederá a determinar a puntuación final obtida por cada candidato, que será o resultado da suma das puntuacións parciais obtidas nas dúas probas realizadas, levantando a correspondente Acta asinada por todos os membros e que fará pública a través da Sede Electrónica municipal.

O procedemento de selección consistirá nun exercicio teórico.

11.2.1. PROBA TEÓRICA DE COÑECEMENTOS XERAIS E ESPECÍFICOS.

A proba consistirá, a elección do Tribunal, nalgunha das seguintes opcións:

OPCIÓN A

TEST ESCRITO

Nun exame tipo test que abranga á totalidade do programa (materias comúns e específicas).

- A) O número de preguntas do exame tipo test será de 40.
- B) Tamén haberá que responder a 5 preguntas adicionais de reserva.
- C) O tempo para a realización da proba será de 60 minutos.
- D) Os criterios de corrección e puntuación serán os seguintes:
 - a. Pregunta acertada: 1,50 punto.
 - b. Pregunta fallada: - 0´50 puntos
 - c. Pregunta non contestada: 0 puntos, podendo penalizar no exame tipo test as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.

Exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio: terá unha puntuación máxima de 60 puntos, sendo a puntuación mínima para superala 30 puntos.

OPCIÓN B

CASO PRACTICO.

Consistirá en desenvolver por escrito un ou varios supostos prácticos proposto polo tribunal con cuestións directamente relacionadas cos temas do Programa contido nas bases tendentes a acreditar a correcta aplicación práctica dos coñecementos dos aspirantes e a súa formación profesional nunha duración máxima a determinar polo tribunal de 90 minutos.

Cualificarase ata un máximo de 60 puntos, sendo a puntuación mínima para superala 30 puntos.

11.3.- PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA (só para aqueles candidatos que non teñan acreditado a posesión do Celga 2)

Aos efectos do previsto no artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, será requisito para todos aqueles candidatos que non dispoñan no Celga 2, a realización dunha proba limitada a aqueles aspirantes que superen a fase de oposición.

A dita proba poderá consistir:

1.- Nun exame tipo test sobre un nivel básico da lingua galega.

- A) O número de preguntas do exame tipo test será de 10 con 2 respostas alternativas das que só unha será correcta.
- B) Tamén haberá que responder a 5 preguntas adicionais de reserva.
- C) O tempo para a realización da proba será de 20 minutos.
- D) Os criterios de corrección e puntuación serán os seguintes:
 - a. Pregunta acertada: 1 punto.
 - b. Pregunta fallada: 0 puntos
 - c. Pregunta non contestada: 0 puntos.,

A puntuación mínima para superar a proba será de 5 puntos.

2.- Na tradución dun texto de castelán ao galego ou de galego ao castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego exixido, sendo avaliado como APTO ou NON APTO.

A dita proba cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego exixido nestas Bases, sexa porque non se presenten á dita proba, sexa porque acaden o resultado non apto. En todo caso, os criterios de corrección serán adoptados con carácter

previo á realización da proba polo Tribunal cualificador e serán debidamente publicados no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove.

A dita proba realizarase unha vez efectuada a valoración de méritos polo Tribunal cualificador, así como, a fase de oposición a aquel/es aspirante/s que superen o proceso selectivo, no lugar, na data e na hora que este último determine, a cal será publicada no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria pero non puntuará aos efectos da nota final.

Non estará permitido o uso de dicionarios.

O tempo máximo a realización da proba será de unha hora.

12. CUALIFICACIÓN FINAL, PROPOSTA DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN

A cualificación final establecerá a orde definitiva das persoas aspirantes que superaron o procedemento selectivo. A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada un dos exercicios da fase de oposición.

No caso de empate, a orde dos aspirantes establecerase atendendo aos seguintes criterios:

1º.- Maior puntuación no exercicio.

2º.- Se persistise o empate, decidírase o desempate a favor do aspirante que obteña maior puntuación na fase de concurso no apartado de experiencia profesional.

3º.- Finalmente, se persistira o empate, o Tribunal celebrará unha proba a realizar entre os aspirantes empatados, na data e hora que se comunicará previamente e consistirá nunha proba tipo test de características similares á descrita na Base 11.2.A pero limitada a 20 preguntas.

Rematado todo o proceso, o Tribunal publicará as calificacións finais definitivas e remitirá ao Alcalde-Presidente, proposta de nomeamento a favor do aspirante con maior puntuación.

As cualificacións finais, a listaxe de persoas que superaron o proceso selectivo, a proposta de nomeamento do Tribunal cualificador e a relación complementaria das persoas aspirantes referida anteriormente, serán publicadas no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Xove.

Aos efectos de garantir a provisión da praza o Tribunal elevará ao Sr. Alcalde-Presidente a relación de aspirantes ordenada por orde decrecente segundo a puntuación obtida para o caso de que se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Que se rexistre a renuncia expresa antes da toma de posesión ou que teña lugar outro feito que impida a toma de posesión do aspirante proposto.

b) Que o aspirante proposto non presente a documentación esixida ou do exame desta se deduxa que carece dos requisitos esixidos na convocatoria.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO.

O aspirante proposto presentará na Oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello de Xove os seguintes documentos mediante copias compulsadas ou, se é o caso, orixinais:

a) Certificado ou informe médico actualizado -considerarase actualizado se non ten unha antigüidade superior a 12 meses-, de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal exercicio das funcións propias da praza a desempeñar.

b) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administración públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

c) Informe ou certificado do número de afiliación á Seguridade Social, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado.

d) Certificación de conta bancaria.

Ante a eventual imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, as persoas poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Prazo de presentación. O prazo de presentación será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación das calificacións finais definitivas, prazo que poderá ampliarse cando as persoas seleccionadas acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

Unha vez presentada a documentación a que se refiren os parágrafos anteriores, sendo esta correcta, a Alcaldía resolverá o procedemento selectivo co nomeamento do aspirante seleccionado.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación ou da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado, quedando anuladas

todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que poidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Se o candidato ao que lle correspondese o nomeamento non fose nomeado, ben por desistimento ou por non reunir os requisitos esixidos, poderá nomearse ao seguinte candidato, por estrita orde de prelación, que superase o proceso de selección.

14. NOMEAMENTO/CONTRATACIÓN E CESE

A proposta do Tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía, que ordenará a publicación da resolución do nomeamento/contratación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sen prexuízo da súa toma de posesión, unha vez que se practique a notificación persoal da dita circunstancia.

A toma de posesión/formalización da contratación das persoas incluídas na resolución da persoa titular da Alcaldía para cubrir as prazas convocadas efectuarase no prazo máximo dun (1) mes desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No suposto de que non se tomase posesión/formalizase contratación no prazo sinalado por causa imputable ao/á interesado/a, entenderase que a persoa seleccionada renuncia á praza convocada, e perderá todos os dereitos adquiridos durante o proceso selectivo quedando anuladas todas as súas actuacións.

O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1 c) do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, referido ao acto de acatamento da constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto [de toma de posesión/da formalización do contrato.

15. CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As Bases desta convocatoria vinculan ao Concello de Xove, ao Tribunal cualificador e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

En todo caso, o Tribunal cualificador queda facultado para a interpretación das Bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias se presenten na súa aplicación. Para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

16. DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

17. RECURSOS.

As presentes bases vinculan á Administración, ao Tribunal de Selección e a quen participe no proceso de selección, e tanto a presente convocatoria coma as súas bases e cantos actos administrativos se deriven dela e das actuacións do Tribunal de Selección poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e formas que determine a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no seu caso, na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora das Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ANEXO I

PROGRAMA DE ACCESO

MATERIAS COMÚNS

1. A Constitución Española de 1978. O Título Preliminar. Deretos e deberes fundamentais. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Organización institucional da Comunidade Autónoma.
2. O municipio. Competencias. Os servizos municipais mínimos. A organización municipal: o Alcalde, o Pleno da Corporación, a Xunta de Goberno Local. Elección e competencias de cada un destes órganos.
3. O persoal ao servizo da Administración Local. Clases de Empregados Públicos.

MATERIAS ESPECÍFICAS

4. A Ordenanza Municipal reguladora da Limpeza, Salubridade e Ornato de espazos públicos no Concello de Xove.
5. Conceptos xerais sobre sistemas de limpeza
6. Sistemas de Limpeza Viaria. Varrido e Baldeo
7. Servizos especiais de limpeza viaria

8. Utensilios de limpeza viaria. Maquinaria e Ferramentas. Produtos de limpeza
9. Especial referencia aos sistemas de varrido con maquinaria Medidas de Seguridade e Hixiene para a protección de traballador“

Xove, 9 de maio de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1288

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - DEPUTACIÓN

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, ADOPTADO EN SESIÓN CELEBRADA O 9 DE MAIO DE 2025, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCIONES, EN RÉXIME ABREVIADO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA APOIAR A PROMOCIÓN E POTENCIACIÓN DE REPRODUTORAS INSCRITAS NO REXISTRO DEFINITIVO DO LIBRO XENEALÓXICO DA RAZA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACIÓNS DA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2025

BDNS (Identif.): 832077

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/832077>)

Primeiro.- Beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas, físicas e xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da provincia de Lugo, que críen animais bovinos de pura raza Rubia Galega, sempre que posúan femia/s reprodutora/s desta raza, nadas na propia explotación, que pasara/n ao Rexistro Definitivo do seu Libro Xenealóxico durante o ano 2024 e que cumpran os seguintes requisitos:

- Femias que proveñan do rexistro de nacementos.
- Que teñan acreditado, como mínimo, un parto antes dos tres anos de idade (36 meses).
- Que superen unha cualificación lineal mínima de 40 puntos.
- Que non posúan defectos ou caracteres eliminatorios.
- Que obteña un resultado positivo de filiación cos seus proxenitores (test de paternidade).

Tamén poderán acceder á condición de beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios.

En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, corresponden á agrupación.

Estas entidades non poderán extinguirse ou desaparecer ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da LSG.

As beneficiarias das subvencións deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidas, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

En cumprimento do disposto no artigo 15.3 da LSG, as beneficiarias deberán, así mesmo, dar a axeitada publicidade do carácter público da financiación da situación subvencionada.

Asemade, as persoas, físicas ou xurídicas, titulares das explotacións que sexan beneficiarias das subvencións adquirirán o compromiso de manter na explotación a/s femia/s reprodutora/s, como mínimo, ata o 31 de decembro de 2026, agás nos supostos de forza maior, que terán que ser debidamente xustificadas a través de informe veterinario.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiaria a persoa, física ou xurídica, que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Os requisitos para obter a condición de beneficiaria das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 7.

Segundo.- Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto a ordenación do procedemento para a concesión de subvencións, en réxime abreviado de concorrancia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo.

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, que se pode consultar na web da entidade (<https://www.deputacionlugo.gal/subvencions>).

Convocatoria e Bases canalizadoras das subvencións, en réxime abreviado de concorrancia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2025, que se poden consultar na web da Deputación de Lugo (<http://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medio-rural/subvencions-concorren>).

Cuarto.- Contía

A contía total máxima destinada a estas subvencións é de 250.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2025.

O importe das axudas para as solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 4 e 7 será de 400 € por animal elixible, ata un máximo de 6 animais. Polo tanto, o importe máximo das axudas por beneficiaria será de 2.400 €. Esta cantidade é un importe certo, entendéndose que queda de conta das beneficiarias a diferenza de financiamento necesario para a concorrancia da situación subvencionable.

No suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de subvención, non se esgotara o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2025, que, en todo caso, non supoña modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito, tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados, agás no suposto de que a suma das achegas e/ou subvencións, incluída a da Deputación, superen os 2.220 € por animal elixible (custo de mantemento do animal na explotación durante a anualidade 2024). Nestes supostos, o importe das subvencións a conceder pola Deputación de Lugo reducirase ata que a suma de todas elas non supere a dita cantidade.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

As persoas, físicas ou xurídicas, así como as agrupacións delas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, se atopen na situación que motiva a concesión da subvención, interesadas en solicitar estas subvencións disporán dun prazo de presentación de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da data da publicación desta Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 9 de maio de 2025.- O presidente, P.D. Decreto do 04/07/2023, o Deputado Delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

R. 1289

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - XERMADE

Anuncio

MODIFICACIÓN DAS BASES DO II CERTAME XERMADEANDO POLA IGUALDADE

BDNS (Identif.): 823795

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/823795>)

ANUNCIO DE MODIFICACIÓN DE BASES

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 077 de 03/04/2025 foron publicadas as bases reguladoras do II Certame “Xermadeando pola igualdade”.

Detectado erro nas mesmas, pola Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade, na sesión extraordinaria celebrada o 24/04/2025 acordouse aprobar a modificación das bases quedando como seguen:

“BASES DO II CERTAME “Xermadeando pola igualdade”.

EXPTE. 223/2025.

O Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Xermade 2024-2026 foi aprobado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o 9 de novembro de 2023 e publicado no BOP nº 262 o 15/11/2023. Na área 2 “Educación e conciliación familiar” establece unha liña de axudas destinadas ao alumnado do CEIP Xermade para certames literarios con motivo do Día das Letras Galegas ou Nadal, entre outros, a fin de fomentar a creación artística (literatura ou debuxo).

A Constitución española, no seu artigo 14, proclama o dereito a igualdade e prohíbe calquera discriminación por razón de sexo e, no artigo 9.2, formula o mandamento expreso aos poderes públicos para que promovan as condicións para que a igualdade do individuo e das agrupacións en que se integra sexan reais e efectivas.

O ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, recoñécese como o idóneo para desenvolver accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, a prevención e a erradicación da violencia de xénero, así como para establecer as condicións que posibiliten a participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social.

Co gallo de avanzar na consecución do obxectivo común de acadar unha sociedade igualitaria e coas mesmas oportunidades para mulleres e homes, o Concello de Xermade considera imprescindible traballar co alumnado do CEIP de Xermade, ao que convida a participar nun certame de creación artística escrita e gráfica coa igualdade como temática central. Aqueles alumnos e alumnas que queiran participar deben seguir as presentes bases do certame:

Primeira.- Categorías

Poderán concorrer ao certame o alumnado matriculado no CEIP Plurilingüe de Xermade durante o curso 2024/2025. As categorías serán:

- Categoría A: Alumnado de Infantil e 1º e 2º de Primaria.
- Categoría B: Alumnado de 3º e 4º de Primaria
- Categoría C: Alumnado 5º e 6º de Primaria.

Segunda. Temática.

O tema do concurso baseará sobre os contos, pero desde unha perspectiva da igualdade de xénero, fomentando a ruptura de estereotipos e transmutando os mitos que contribúen o mantemento de valores patriarcais e ó reparto dos roles de xénero. Cada categoría terá unha modalidade:

- Categoría A: Creación dun debuxo.
- Categorias B e C: Creación dun conto, en lingua galega.

Terceira.- Formato.

Os traballos deben ser inéditos e orixinais, presentados nun folio de tamaño DIN A4, sen utilizar medios dixitais para a súa realización. Entregaranse só co título, sen ningunha identificación persoal.

Cuarta.- Recepción.

A entrega dos traballos será presencial, na Biblioteca Municipal de Xermade, dende a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ata o 10 de xuño. Para formalizar a inscrición será necesario a presentación do traballo e o Anexo I cuberto.

Quinta.- Premios.

Todo o alumnado participante recibirá un vale por 30 € no momento da entrega do traballo para material escolar, previa presentación da autorización para a consulta de datos tributarios que figura no anexo I. O vale poderá ser trocado ata o mércores 15 de outubro de 2025.

O importe global dos premios ascende a dous mil trinta e cinco euros (2.035,00.-), para os que existe crédito na aplicación orzamentaria 321.489 do vixente Orzamento municipal 2025 do Concello de Xermade.

De entre os traballos entregados, escolleranse tres premios por cada categoría, que recibirán os seguintes premios:

– Categoría A:

1ºPremio: vale para material escolar por valor de 50 €

2ºPremio: vale para material escolar por valor de 30 €

3ºPremio: vale para material escolar por valor de 25 €

– Categorias B e C:

1ºPremio: vale para material escolar por valor de 75 €

2ºPremio: vale para material escolar por valor de 55 €

3ºPremio: vale para material escolar por valor de 40 €

Sexta.- Xurado.

O xurado estará formado por cinco persoas:

Presidenta: Dona Nélica Coira Pena, Concelleira de Benestar social, Igualdade e Participación Cidadá do Concello de Xermade

Vogais:

1º Dona Sandra De Bernardo Eimil, Concelleira do grupo municipal do Partido Popular do Concello de Xermade

2º Don Ernesto Ares Yáñez, Técnico de Emprego do Concello de Xermade.

3º Don Rubén López Eiras, Director do CEIP Plurilingüe de Xermade.

Secretaria: Dona Lucía Guizán Trastoy, Educadora familiar do Concello de Xermade.

O fallo do xurado levarase a cabo antes do 30 de xuño de 2025 e publicarse na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de Xermade.

A entrega dos premios terá lugar na Biblioteca Municipal de Xermade.

Sétima.- Participación.

A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sobre as que, diante de calquera dúbida, prevalecerá a resolución que adopte o xurado, por maioría simple dos seus membros.

O incumprimento das bases suporá a descualificación no concurso.

En contra das decisións do xurado non caberá ningún tipo de recurso.

Xermade, 13 de maio de 2025.- O alcalde, Roberto García Pernas.

*NOTA: A todos os efectos, en caso de erro, terá prioridade o texto publicado na lingua cooficial.

Anexo I

II CERTAME "XERMADEANDO POLA IGUALDADE". EXPTE: 223/2025

D./ D.^a _____ con DNI: _____,
como nai/pai/titor do alumno/a _____,
con DNI _____.

DECLARO:

Que o/a menor está matriculado/a no CEIP PLURILINGÜE DE XERMADE en _____ curso, ano 2024/2025.

AUTORIZO:

Ó Concello de Xermade, con CIF P2702100E a consultar as débedas ou liquidacións pendentes con este Concello, coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

En Xermade, a _____ de 2025.

Sinatura: _____"

R. 1290
